



Vía On-Line por cortesía de :



Camiño do Mar

Camiño do Mar

Xoán Ramón Fernández Pacios

Textos

Xoán Ramón Fernández Pacios

Para Uxío e Noa e sobre todo para a miña dona,
Mar Corbelle Valiño, inspiración e alma deste camiño

Fotografías

Adrián Fernández del Moral

Diseño y maquetación

ta ta ta

Agradecementos

O meu agradecemento a tódalas
persoas que ca súa desinteresada axuda
fixeron posible este libro

© de los textos y las imágenes: sus autores

© de esta edición, Deputación de Lugo

ISBN: 84-8192-668-X

Depósito legal: C 2053-2011



DEPUTACIÓN DE LUGO

Camiño do Mar

Xoán Ramón Fernández Pacios

Camiño do Mar

Índice

Explicación do
Camiño do Mar
pág. 8

Ribadeo
Reinante
pág. 15

Reinante
A Espiñeira
pág. 43

A Espiñeira
Foz
pág. 61

Foz
Cervo
pág. 93

Cervo
Faro
pág. 123

Area
Ponte do Porto
pág. 139



A Mariña Luguesa:
Un mundo en festas
pág. 166



Explicación do Camiño do Mar

Despois de percorre-lo *Camiño Norte* polas terras do norte peninsular os peregrinos chegaban a Ribadeo, vila na que tiñan a posibilidade de elixir entre dous camiños para chegar ata Santiago, un moito más longo e menos abrupto que ía bordeando a costa galega ata Ferrol onde se incorporaba ao *Camiño Inglés* e outro más curto e accidentado que os levaba, todo polo interior, pasando por Lourenzá, Mondoñedo, Vilalba e Sobrado ata Santiago, o que hoxe é o trazado oficial do *Camiño do Norte*.

A posibilidade de elixir que tiña o peregrino en Ribadeo queda patente no caso de Bartolomeu Fontana (1539), no relato da súa peregrinación dinos que nesta vila opta polo camiño más longo, o da costa (“*per la marina*”) que o leva ata Viveiro, a doce légoas de distancia, áinda que tamén recalca no seu itinerario que “*dende Ribadeo quen queira ir directo a Santiago que siga a Vila-nova, a catro légoas, e despois Vilamaior, a unha légoa*”. (Petrocchi, M. 1958. *Un italiano en la España de Carlos V: la peregrinación de Bartolomé Fontana. 1538-39*).

Por qué o veneciano Fontana elixe o camiño da costa? Porque existe un camiño físico, en bo estado, coñecido e concorrido polo que transitar.

Varios autores sinalan que o que predominaba en Bartolomeu Fontana era máis un espírito aventureiro que un sentimento relixioso xacobeo. Alegan isto baseándose na idea de que os peregrinos buscaban sempre o camiño más curto cara Santiago. Esta idea non se pode aplicar a tódolos peregrinos, moitos peregrinaban a Compostela buscándose a vida entorno aos hospitais e albergarias do camiño, outros aproveitaban para visitar santuarios e lugares de veneración desviándose do camiño e xerando novas rutas e outros seguían o camiño más curto. Iso é certo, pero que facían para volver ás súas casas? Podían emprega-lo mesmo camiño ou ben aproveitar para visitar centros de peregrinación locais ou buscar os portos onde embarcar.

Que se produce entón en Ribadeo?. Unha bifurcación do *Camiño Norte*. Nada estranho por outra parte, lembremos que esta vía xacobea ten dúas rutas terrestres para entrar en Galicia ou as constantes bifurcacións que se producen neste camiño tanto en Asturias como no País Vasco.

O trazado do *Camiño do Mar* pon en contacto a Ribadeo con Ferrol, poboación na que comeza un dos ramais do *Camiño Inglés* e co que se funde ata chegar a Santiago de Compostela. Este camiño percorre





un territorio bastante amplio no que a maioria dos seus concellos son costeiros, de aí o seu nome de *Camiño de Mar*.

Que se atopaba o peregrino no tramo lucense desta ruta costeira? Primeiro unha estrutura viaria consolidada, inicialmente denominada *Camiño Francés* (século XVI) e despois *Camiño Real* (XVII e XVIII). Se preguntamos hoxe en día polo *Camiño Real* aínda hai persoas que son quen de sinalalo. Para confeccionar esta ruta empregouse unha documentación histórica combinada con entrevistas a persoas de idade que nos sinalaron trazados antigos de camiños que serviron para completar os ocos que a documentación escrita deixara.

A parte dun trazado físico o peregrino atopaba no tramo Ribadeo-Viveiro unha ampla rede benéfica, con cinco hospitais nos que se podían acolle-los peregrinos, ademais existen dous hospitais para lazarus e sete mosteiros, nos que podían recibir comida e acollida.

Que rutas empregan os peregrinos que pasan por este Camiño?

Tres son as vías de entrada:


—A terrestre, dende Ribadeo seguían o camiño terrestre pegado á costa ata Santiago.

—A marítima, chegando aos portos lucenses en barcos procedentes dos diversos países que comerciaban con Galicia, posteriormente por vía terrestre chegaban a Santiago.

—A de volta. Nun principio comprobamos que a maioría dos peregrinos localizados nos libros de defunción traían a Compostela, polo tanto viñan de volta de Santiago. Fíxonos pensar na posibilidade da existencia dunha ruta de volta que buscaba embarcarse cara aos seus países de orixe. Mais logo deixamos esta teoría ao comprobar, despois dun pormenorizado estudo dos peregrinos mortos, que o fluxo peregrinatorio era tanto de ida como de volta.

Que é logo o Camiño do Mar? Unha ruta costeira, bifurcación do *Camiño Norte*, que transcorre polos concellos costeiros lucenses e coruñeses ata Santiago, entorno á cal existían unha serie de centros de beneficencia e na que temos rexistrado o paso continuado de peregrinos. Polo tanto estase a falar dunha ruta de peregrinación cun valor e unha riqueza patrimonial, histórica e medioambiental comparable á de calquera outra ruta peregrinatoria.

Resulta obvio que o nome desta ruta de peregrinación débese a que os concellos polos que transcorre están repletos de vilas portuarias coñecidas no mundo marítimo. Non é de estrañar que aparezan nomeados portos da nosa costa da Mariña Lucense nos portulanos italianos. Así no do xenovés Petrus Vesconte (1313) aparece *Ripa Dova* (Ribadeo) *San Cibrao* e *Vares*; no de Grazioso de Benincasa de





Ancona (1467) aparecen as anteriores poboacións ás que hai que engadir as de *Baxma* (Foz), *Virella* (Burela) e *Viveiro*. Idéntica relación é a que fai o portugués Pedro Reinel no ano 1485. No século XVI será o licenciado Bartolomeu Molina o encargado de facer unha relación dos portos da Mariña Lucense, nos que comprobamos como predominan as actividades comerciais, pesqueiras, sobre todo a baleira, e as artesanais como a carpintería de ribeira, “*do se facen gentiles navios*”, dirá do porto de Foz.

Máis pormenorizada é a visión que dá Pedro Teixeira no ano 1634. A este cosmógrafo, nado en Portugal, chamáballe moito a atención a cantidade de produtos que exportaba Galicia: “*en tanta abundancia que no hay lugar en el decurso del año muchos navios para Francia y Flandes... el pesquedo de sus puertos y sus costas es el mas sano y sabroso que sabe sustentando de el a toda España*” [MARÍAS FRANCO, F. e PEREDA ESPESO, F. 2002. *Atlas del rey Planeta. Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos, de Pedro Teixeira. (1634)*. P. 324].

Este mesmo autor di de Ribadeo que é un lugar de grande poboación e trato no que a profundidade do porto oscila entre as 5 e as 10 brazas e por iso a el acoden “*muchos navios con mercancías a este puerto y a cargar en el maderas y vinos*”. Tampouco escatima eloxios para o porto

de Foz do que relata a historia dun barco de 80 toneladas que aparecera á deriva (1622), sen tripulación nin carga o que fixo pensar que fora obra dos piratas que poboaban estas augas. O de Burela defíneo coma un pequeno porto e aldea de pescadores; dos de San Cibrao, Portocelo e Celeiro de Viveiro afirma “*aquí dan fondo algunos navios de razonable porte y están seguros de los tiempos*”.

Que todos estes portos mantiveron contactos comerciais co Norte de Europa e Inglaterra queda patente en multitud de documentos, así sabemos que dende o ano 1313 os comerciantes de Viveiro están fretando barcos con destino a portos no norte europeo, é moi probable que nestes viaxes comerciais chegasen peregrinos aos nosos portos. Sobre esta posibilidade existe unha lenda con base histórica que di que San Cibrao conservaba na praia do Torno abundantes restos de sílex británico, traídos como lastre polos barcos desta nación. Dende Inglaterra chegaban barcos con peregrinos e marchaban cargados ata os topes de viño, razón pola que tiñan que tirar lastre, o citado sílex. Realidade ou lenda, o certo é que o sílex apareceu en moita cantidade nos portos da Mariña, de igual maneira que os peregrinos.





The background image shows a coastal town built on a hillside overlooking a harbor. The town is densely packed with buildings of various colors, including red, white, and blue. A harbor with several boats is visible in the foreground. In the distance, there are green hills and mountains under a clear sky.

Ribadeo
Reinante



Tramo Ribadeo-Reinante


(13.3 quilómetros)

A primeira das sinalizacións do *Camiño Norte* en Galicia está situada no porto ribadense de Porcillán, para nós tamén debe ser o punto que sinale o comezo do *Camiño do Mar*. Dende Porcillán, nome que os historiadores do século XIX fan derivar de *Portus Iulianus*, subimos ata o Campo de San Francisco (actual Praza de España) onde noutrora os peregrinos atopaban refuxio e asistencia tanto nos conventos de San Francisco e Santa Clara como no hospital de San Sebastián, que con anterioridade a 1343 ocupaba dúas casas desa praza.

Aínda que semelle unha oferta bastante ampla quedaba moi escasa cando se producía unha avalancha de pobres, tal e como acontece no ano de 1564 ou no de 1573, momentos nos que o concello ribadense verase na obriga de ter que expulsar do seu territorio, con certa axuda económica, aos pobres que puidesen andar e prohibir a mendicidade nas rúas da vila. A razón de tantos pobres polas rúas ribadenses débese a que era este porto onde primeiro descargaban os barcos estranxeiros cargados de gran, convertendo a Ribadeo no primeiro dos pobos nos que se podía cocer pan.

- ◀ [Porto de Porcillán. Ribadeo](#)
- ▶ [Castelo de San Damián](#)





- ▶ Mapa do trazado Ribadeo-Reinante.
- ▶ Edificio de Aduanas.
- ▶ (Páx. seguinte) Ribadeo. O cargadoiro.



Para facer o trazado do *Camiño do Mar* dende Ribadeo atopámonos cun serio problema xa que a documentación indícanos claramente que o trazado histórico coincide coa actual estrada N-634, polo menos dende Ribadeo ata Santiago de Reinante, no que podemos deixar a citada estrada e coller o *Camiño Real*.

Tanto se consultamos o mapa de Cornde Saavedra (1764) como o de Domingo Fontán (1845) veremos como o camiño que sae de Ribadeo ata Viveiro pasa polas mesmas poboacións polas que transcorre hoxe a N-634. Nomes de poboacións como Dompiñor, Vilar, Rochela ou Cinxe, hoxe pegados á citada estrada aparecen na documentación xunto a unha ruta denominada “*camino franzes que de Ribadeo va a la puente de la Espiñeira*”.

Este trazado dende Ribadeo ata Santiago de Reinante é todo por estrada (10.5 km) cortada en catro ocasións por enormes rotondas complicadas de cruzar, por iso quixemos propor unha ruta alternativa aos peregrinos que os afaste totalmente da estrada nacional, chea de coches, e os leve por rutas próximas á costa.

Dende a praza de España (antigo Campo de San Francisco) seguimos pola rúa San Roque ata que esta se transforma na rúa Virxe do Camiño, ao final dela observamos un edificio pintado de azul, tanto a cor como a arquitectura permítenos distinguilo con facilidade. Trátase da *Casa*





do Óptico, unha sobria edificación de estilo indiano construída a principios do século xx. Deixamos a casa á nosa dereita e seguimos por esa estrada asfaltada ata o primeiro cruce no que collemos á dereita, a 300 metros atopámonos cunha pequena ponte que nos permite pasar por debaixo da estrada da Mariña, xusto temos cruzado este paso collemos recto ata que 500 metros despois nos atopemos co segundo dos pasos subterráneos, esta vez permítenos atravesar a Autovía do Cantábrico. Unha vez cruzado tomamos á esquerda, seguimos por esa estrada 400 metros ata outro cruce no que volvemos coller á esquerda, dirección Piñeira, e vemos a súa igrexa ao fondo. Cando levamos percorridos 500 metros hai outro cruce, no que seguimos recto, deixando á dereita a igrexa de Piñeira. Tras outro medio quilómetro vemos un stop ao lado dunha casa vermella con cruz no tellado do hórreo e un Cristo no portálón de entrada, estamos no lugar de Río, levamos 2.2 quilómetros dende Ribadeo.

Neste cruce de Río debemos seguir pola estrada da esquerda (LU-5202) que seguiremos ata que pasemos unha ponte pequenina e vexamos o sinal que nos indica que deixamos Río. Debemos ir atentos pois a 100 metros hai que tomar cara á dereita (2.5 km dende Ribadeo) ata o seguinte cruce no que collemos á dereita dirección Rinlo ao que chegamos despois de percorrer 5.7 quilómetros dende Ribadeo.



▲ Igrexa de San Roque e Cocos.

◀ Escola de idiomas.

◀ (Páx. anterior) Campo de San Francisco.

Hoxe praza de España.





▲ Mapa do trazado Rinlo-Reinante.

► Cetáreas e Illa Pancha.

▼ (Páx. 24) Praia dos Castros.

▼ (Páx. 25) Praia dos Xuncos.

▼ (Páx. 26-27) Praia das Illas.



Cando chegamos a este fermoso pobo mariñeiro deixamos atrás o Campo do Cristo e atopámonos á nosa esquerda a igrexa e a estrada LU-141 e á dereita o pobo que debemos visitar, pasear polas súas angostas rúas que serviron de escenario para a película “*Os mortos van de presa*”. Visita obrigatoria é o peirao, dende o que saían, nos séculos XVI e XVIII, botes de remos con arpoeiros á caza da balea. Rínlo, aparte da súa beleza, ofrécenos un deleite gastronómico como é o arroz caldoso que recomendamos degustar.

O camiño prosigue pola praza de Santa Catarina e continúa pola rúa Alonso Pampín Cordido ata unha intersección 400 metros despois na que debemos tomar á dereita, pegadiños a unha casa chamada *Vila Marcelino*. Seguiremos por esta estrada 800 metros ata unha nova intersección na que tomamos á esquerda. Preto duns 600 metros topámonos cunha explotación gandeira e un desvío á nosa dereita cunha dirección prohibida para vehículos menos para tractores, por aí debemos ir ata que nos topemos con outra intersección a 100 metros. A partires de aquí debemos seguir os sinais de madeira que nos indica *Ruta das Praias*, *Praia dos Xuncos* e *Praia dos Castros*, que iremos deixando á nosa dereita ata que chegaremos á *Praia das Catedrais* (5.3 km dende Rinlo), podemos empregar para cruzala unha pasarela de madeira, pero iremos atentos á estrada







pois a escasos cincocentos metros existe un desvío á dereita que nos leva cara o campamento xuvenil da Devesa. Iremos por esta estrada, cruzaremos unha ponte que pasa por riba da vía do tren ata un desvío de terra á dereita polo que debemos ir, á nosa esquerda queda a parte de atrás do campamento da Devesa.

Imos agora por un camiño de terra, deixando á nosa dereita uns invernadoiros e saíndo a unha estrada asfaltada, despois colleremos cara á dereita e a 400 metros, noutra intersección, tomamos cara á esquerda e pouco despois atopámonos un cruce, estamos na LU-0604, á esquerda unha pista e un sinal que indica cara unha casa de turismo (*Casa Elena*), de fronte un hotel (*Casa Amadora*) e á dereita comeza o trazado do *Camiño Real* en Reinante que seguiremos.





Praia das Illas.





QUE VER EN RIBADEO

Esta vila, coma tódolos pobos mariñeiros, tén a súa orixe nas vivendas que os mariñeiros construíron ao carón dos portos de Cabanela e Porcillán, converténdose o lugar de Santiago de Vigo no primeiro asentamento da vila, ata fins do século XII momento no que o rei Fernando II traslada a vila a un sitio máis alto, o que hoxe ocupa, rodéao de murallas e traslada a Sé episcopal dende Mondoñedo a Ribadeo, permanecendo nesta vila dende o ano 1182 ata 1219, data na que volve a Mondoñedo.

A cidade segue medrando trala marcha da Sé episcopal, superando en pouco tempo o espazo dentro das murallas e estendéndose ao arredor delas formando as novas rúas, barrios e espazos cidadáns, como é o Campo da Vila, despois coñecido como de San Francisco e agora Praza de España, na que entre outros edificios eclesiásticos e civís destacaba o hospital de San Sebastián.

A vila de Ribadeo experimentaba un constante crecemento debido ao movemento mercantil que alí tiña lugar, converténdose o seu porto en lugar de entrada, así como de saída, de grande número de mercancías. Poña este porto en contacto a Ribadeo cos países do Báltico, Alemaña, Francia, Inglaterra, países do Mediterráneo, sur de España e América. Esta fluída comunicación foi a que favoreceu a aparición de gran número de comerciantes e industriais entre os que destaca Antonio Ibáñez, marqués de Sargadelos.

Hoxe Ribadeo é unha fermosa vila, activa comercialmente, que podemos coñecer andando, asombrándonos, constantemente, cos seus edificios antigos, nos que comprobámo-la constante presenza da influencia india. Destaca entre todas estas construcións a Torre dos Moreno, mandada edificar por dous irmáns que fixeron fortuna na emigración no ano 1905 empregando un estilo eclético, que lembra á arquitectura modernista, mesturando o emprego de formigón e ferro, sistema moi avanzado para a época. Dentro do campo da construcción militar destaca o Castelo de San Damián, construído a principios do XVIII como complemento dos dous canóns que estaban colocados na capela da Atalaia, que hoxe aínda se conservan en lembranza doutras épocas más violentas.

O nome de Ribadeo

Etimolóxicamente significa sobre o río Eo, da mesma maneira que Ribadavia ou Ribadesella significan sobre o río Avia ou Sella, respectivamente.

O nome de Ribadeo sufre modificacións ao longo do tempo así en 1177 aparece escrito como *Ripa de Euo*. No 1183 vémolo nun documento en latín da seguinte maneira *Rippa Euue*, termo que aparece xa unido no ano 1202 *Ripadeueue*. No 1270 atopámolo transformado en *Ribadeu* e, a partires do 1305, xa aparece o termo de *Ribadeo*, aínda que nos séculos XVII e XVIII escribirírono habitualmente coa letra “V”.



▲ Casa Consistorial.

◀ (Páx. anterior) Vista de Ribadeo.





Propietarios de Ribadeo

O primeiro dono señorial foi o bispo de Mon-
doñedo, imponiendo o seu poder sobre os ha-
bitantes de Porcillán e Cabanela e posterior-
mente sobre a vila de nova creación na que se
asentara a Sé. Posteriormente, no ano 1369 a
vila de Ribadeo e as rendas que xeraban foron
entregadas ao cabaleiro francés Pierre Villai-
nes, que será o primeiro dos condes de Ribadeo
ata que a fins do século XIV venda a posesión
do seu condado a Pedro López Dávalos. Cando
este segundo conde se enfronte co rei Xoán
II será desterrado a Valencia e o seu condado
outorgado a Rodrigo Villandrando, un valente
cabaleiro que destacara nas guerras de Francia
e na defensa do rei Xoán. Atopábase o rei en
Toledo o día da Epifanía do ano 1441 cando foi
emboscado polos seus inimigos, don Rodrigo
defendeuno coa súa espada e polo seu valor
foi recompensado. A partires dese momento
o rei e os seus sucesores estarán obrigados a
doarlle o traxe que levasen o día da Epifanía ao
conde de Ribadeo e aos seus sucesores, algo
que perdurou ata o reinado de Afonso XIII.

Posteriormente membros da familia Villan-
drando casarán con membros da familia Hijar
sendo nesta rama onde recaerá o condado de
Ribadeo ata o momento da súa extinción.

- ◀ Área recreativa do Cargadoiro.
- ▶ Casa dos Moreno.





A praia das Catedrais

Non hai un só concello polos que atravesa o **Camiño do Mar** na provincia de Lugo que non teña as súas correspondentes praias, que van dende os longos e inacabables areais ata as más pequeninas calas. A limpeza das súas augas e a calidade dos servizos que ofertan fai que moitas delas posúan unha Bandeira Azul, en concreto na Mariña Lucense no ano 2010 foron concedidas 22 bandeiras, repartidas da seguinte maneira:

Ribadeo, 2; Barreiros, 7; Foz, 7; Burela, 3 e Cervo, Xove e Vicedo con cada súa bandeira.

Entre todos estes areais destaca un: **a praia das Catedrais**, coñecida dende sempre como **a praia das Augas Santas**, na que podemos apreciar un conxunto de arcos que a erosión mariña foi facendo ao longo dos séculos neses acantilados de lousa e cuarcita, converténdoalos en algo único dunha beleza incomparable, pola cal recibiu a categoría de Monumento Natural, un título que reciben aqueles espazos cunha beleza ou con formacións singulares que merecen ser obxecto dunha protección especial.

Teña precaución o peregrino de visitala con marea baixa ou baixando xa que cando a marea sube a praia desaparece completamente.

Praia das Catedrais.





Praia das Catedrais.





Praia das Catedrais.

Hospital de peregrinos de San Sebastián en Ribadeo

Francisco Lanza coidaba que o hospital databa do XII e que nacera vinculado a unha doazón que o matrimonio Bela fixera, pola cal deixaban unha casa na que tiña que haber un barqueiro, este tiña a obriga de non cobrарlle carto algúns aos peregrinos que cruzasen a ría na súa barca.

A primeira referencia documental data do ano 1343, na que podemos apreciar a existencia dun hospital que levaba bastante tempo funcionando.

Como en tódolos hospitais do *Camiño do Mar* recibe a pobres da localidade, estranxeiros e peregrinos. O que o diferencia dos outros é o alto número de soldados debido á existencia dun destacamento en San Damián.

Os libros de fábrica permítennos saber que os peregrinos recibían descanso nunha das 21 camas, comida, asistencia sanitaria, cun médico e un cirurxián que asistían aos enfermos, e asistencia espiritual, confesións e soterramento por parte do hospital en caso de falecer.

No ano 1766 o hospital de San Lázaro术不出现aparece e as súas rendas pasan ao de San Sebastián. Este acabará desaparecendo no ano 1857 en que se vende o edificio do hospital e a súa capela a catro persoas pola cantidade de 156.000 reais. Posteriormente edificarase o actual hospital de San Sebastián, noutro lugar do Campo de San Francisco.

O convento de San Francisco

A súa ubicación no campo da Vila renomea a esa zona como Campo de San Francisco. As lendas populares atribuían a San Francisco a fundación deste convento na súa viaxe desde Oviedo a Santiago, pero estudos más recentes ven más lóxico que a persoa que o fundase fose frei Benicasa de Todesco, discípulo de San Francisco, no ano 1214. Conservou o mosteiro os restos do fundador nunha urna de madeira situada detrás do altar maior.

Co mosteiro colaboraron activamente o Concello, particulares e os membros da Casa de Anleo (Navia) na que rematarán fundando unha capela na igrexa que levaría os seus escudos de armas e un letreiro no que impide que se soterre a ningúen que non sexa autorizado polo cabeza visible da Casa de Anleo. Outras familias emularon aos anteriores edificando varias capelas dentro de igrexa.

Trala exclaustración dos monxes o convento entrou nunha fase de deterioro constante ata que foi vendido a don Pedro Osorio, veciño de Ribadeo (1838), que constrúe preto del un forno e unha casa nova. A igrexa parroquial actual pertencía antes ao mosteiro, é dunha soa nave e planta de cruz latina. Será reformada e ampliada polo concello no ano 1902.





O convento de Santa Clara

Ten a súa orixe nun pequeno mosteiro que existía no barrio de Santiago de Vigo, no que as mulleres piadosas se retiraban; probablemente iniciaron o seu traslado ao lugar que ocupan agora pouco despois de crearse a nova vila a fins do século XIII.

Aínda hoxe se fala do milagre que aconteceu o día 12 de agosto do ano 1544 cando se declarou no convento un pavoroso incendio. A xente pensaba que ía arder o edificio pois as lapas cubrían todo, ata que a abadesa, posiblemente sor Estefanía de Arguelles, rogou para que Santa Clara se aparecese e apagase o incendio coas mangas do seu hábito, e así aconteceu salvando o edificio e ás monxas clarisas.

No ano 1855, tal e como nos conta Francisco Lanza, unha orde do goberno mandaba pechar tódolos conventos que albergasen menos de 12 monxas. Tal era o caso de Ribadeo, máis a defensa que fixo o concello para mantelo aberto, debido aos moitos favores que a vila recibira das monxas clarisas, permitiu que seguisse funcionando ata este ano de 2010.

É unha tradición moi estendida entre os mariñáns levar unha, mellor dúas, ducias de ovos ao convento como regalo para evitar que chova o día dunha voda. Non sei se será certo ou non o que sei, e iso é certo, que eu casei en novembro, uns amigos levaron dúas ducias de ovos e non choveu, que cada un saque as conclusións que queira.

A colexiata de Santa María de Ribadeo

Cando o rei Fernando II, pouco despois de funda-la vila de Ribadeo, traslada a Sé episcopal dende Mondoñedo, a igrexa parroquial de Ribadeo convértese en catedral e así o foi durante 36 anos ata que no ano 1219 volva a Sé a Mondoñedo. Despois do traslado o concello, como voz do pobo ribadense, tratou co bispo don Nuño II para que a igrexa de Ribadeo recibise o título de colexiata colocando nela un cóengo e catro racioneiros, que exerceían a función de cabido, algo que conseguiron o 6 de xullo de 1270.

Era un edificio, segundo Francisco Lanza, de *"tres naves, y posiblemente de planta basilical"* na que as familias importantes de Ribadeo irán mandando construír capelas, nas que colocaron os seus escudos familiares.

No ano 1768 o concello denunciaba o estado ruinoso da colexiata solicitando que ben a Real Facenda ou o Cabido mindoniense levasen a cabo as obras de remodelación. Para paga-las obras Facenda dispuxo un imposto novo sobre o sal, feito que permitiu empezar unhas obras que tiñan un presuposto de 750.000 reais. Despois de levar gastados máis de 870.000 reais os muros da igrexa non superaban os arcos das ventás, quedando a medio construír e converténdose nun vertedoiro para a vila de Ribadeo ata a súa desaparición no ano 1851.





A capela da Atalaia

É a única construción relixiosa dentro dos muros da muralla que rodeaba Ribadeo o que fai pensar a Francisco Lanza que tivo que ser erixida a finais do XIII, cando o rei Fernando II ordena crear de novo a vila de Ribadeo.

O que contemplamos é unha construcción dunha soa nave, de pequenas dimensións e “con portada gótica de arco apuntado e pequena espadaña” segundo informa o citado autor.

Ao lado dela podemos ver dous canóns que servían para a defensa do peirao de Porcillán, colocados alí polo artilleiro municipal Pedro Domínguez, no ano 1547, pola presenza nestas augas de galeras francesas. Xunto cos que existían en San Damián protexían a entrada do porto. De pouco serviron cando en setembro do ano 1719 os ingleses invadiron a vila.

▲ (Páxs. 38-39) Santa María do Campo.

► (Páx. seguinte) Capela da Trinidade.





The background of the image shows a wide, green coastal landscape. In the distance, a stone wall runs across the horizon, separating the land from the deep blue ocean. The sky above is a clear, pale blue.

Reinante
A Espiñeira



Vista camiño preto de Barreiros





Trazado Santiago de Reinante ata a Espiñeira (Barreiros)

(10 quilómetros)

Comezamos este tramo no mesmo lugar no que deixáramos o anterior, estamos na estrada LU-P-0604 nunha intersección na que á nosa esquerda queda o hotel *Casa Amadora*, á dereita vemos que a estrada descende cara ás praias, detrás de nós unha pista de terra e á nosa frente o *Camino Real*, polo que collemos. Trátase dun estreito camiño asfaltado entre o que van aparecendo casas, dámónos conta de que por onde vamos foi noutrora unha ruta viaria pois as casas teñen as súas portas mirando para este camiño e non para a estrada N-634 realizada moito despois.



▲ Mapa trazado Reinante-Barreiros

◀ Praia de Barreiros



Cando levemos un quilómetro aparecerá á nosa dereita un edificio que nos vai chamar poderosamente a atención, trátase da antiga capela das testemuñas de Xehová.

No século xx na parroquia de Reinante había unha comunidade bastante grande de testemuñas, que chegou incluso a ter dúas capelas, a que se mantén en pé e outra que xa non existe sita nun lugar que conserva un singular nome “*O Culto*”. De fronte e ao fondo do camiño observamos unha casa pintada de rosa (*Vila Xulia*), mandada construír polo matrimonio formado por don Afonso Renduelez e dona Xulia Rocha, residentes en Cuba, no ano 1926.

O *Camiño Real* que estamos a seguir lévanos por detrás desta casa ata outro cruce no que comprobamos que á esquerda subiríamos ata a estrada nacional, polo que eliximos a dirección dereita. Douscientos metros despois atopamos outra bifurcación e volvemos a coller á dereita. Atopámonos agora no barrio de *Triana* (1,9 km dende o comezo do *Camiño Real*), resulta curioso o nome deste lugar, pero non esquezamos que non é o único que posúe certos tinxes andaluces, xa que en Ribadeo existe outro barrio co nome de *Xibraltar*.

◀ “Villa Julia”, casa indiaña. Reinante
► Casa indiaña. Reinante





Despois de percorrer 400 metros apárecenos á nosa esquerda unha casa brasónada, exemplo da arquitectura fidalga do século XVII, tal e como nos lembra o escudo armeiro que campa na súa fachada principal. Debemos de coller á esquerda e segui-lo camiño uns 400 metros ata atoparnos coa estrada nacional, entón tomaremos cara á dereita, é un pequeno tramo de 300 metros, non existe problema algúin pois imos camiñando pola beirarrúa ata que vexamos un indicador, á man dereita, que pon “*Campo de fútbol das Balgas*”, collemos por esa vía (3 km dende o inicio). Debemos prestar atención pois a 100 metros volveremos a ver outro indicador que nos sinala o campo de fútbol á dereita, non debemos collelo, seguiremos recto e a 500 metros atopámonos cunha bifurcación na que colleremos á esquerda, pasaremos pegados ao C.I.R. (Centro de Instrucción e Recreio) “*O Canteiro*”. Seguiremos recto durante un quilómetro e medio, pasaremos por catro cruces. Despois deste percorrido atoparémonos á nosa esquerda o tanatorio, 400 metros despois o supermercado Eroski e o pavillón deportivo. A nosa andaina lévanos a un quinto cruce (5,1 km dende o inicio) no que colleremos pola estrada da dereita. A 100 metros desta bifurcación, no lugar de *Aspera*, debemos tomar á esquerda, pódemos servir de indicación un sinal no que se le: *Igrexa, Cemiterio e Vilar.*



▲ Mapa trazado Barreiros-Espinheira

◀ Casa indiana. Reinante



- ▲ Igrexa de San Cosme de Barreiros
- Ponte do Barral
- (Páx. seguinte) Igrexa de Celeiro de Mariñaos e o Camiño Real

A esta última poboación chegaremos despois de percorrer 700 metros (6.3 km dende o inicio). Tras cruxa-lo lugar de Vilar atopámonos con dous sinais de madeira. O da esquerda leva escrito “Lagoa de Pallares 2000 m”, esa é a dirección que debemos tomar. Estamos a ir por unha estrada asfaltada e non colixeremos ningún desvío ata que chegaremos a un almacén de construcción (7.2 km dende o inicio). Pasado ese almacén vemos a estrada nacional, xusto antes colixeremos por unha pista á nosa dereita que transcorre paralela á N-634 e que remata despois de 2.5 quilómetros. Debemos neste intre cruxa-la estrada nacional e ir pola beiravía da esquerda ata que, despois de ter pasado polo polígono industrial, collamos cara á esquerda, en dirección a Espiñeira á que chegaremos despois de percorrer 10 quilómetros dende a *Casa Amadora*, lugar no que comezamos este tramo.







Praia do Altar. Foz de fondo





Casas indianas

Que ver en Barreiros

Arquitectura indiaña

Este tipo de arquitectura tan característico na cornixa cantábrica ten que ver co desexo dos emigrantes de amosar os seus logros ante os membros da comunidade que os viu nacer. As casas que xorden, pagadas cos cartos que as florecentes industrias americanas producen, deben amosar o novo status social alcanzado polos seus posuidores. Pódese dicir que son as sucesoras do pazos galegos.

Exemplos de arquitectura indiaña vense en Ribadeo, Vilaronte, Foz, Celeiro de Viveiro e en Magazos. Pero é sobre todo no concello de Barreiros onde existe unha maior concentración destas casas.

En Celeiro de Mariños destacaríamos a *Casa Rubio*, de principios do século XX. En San Cosme de Barreiros a *Casa de Carballo*,

de finais século XIX ou a *Casa Grande*, edificada entre 1904-7. Serán as parroquias de San Miguel e Santiago de Reinante nas que vexamos un maior número destas edificacións. De finais do XIX é a *Casa Alvariño*, construída nun estilo ecleticista francés, mentres que de principios do XX son a *Casa do Comandante*, *Casa Souto*, *Casa Blanco*, *Casa Balseiro*, *Casa Xoco* e *Vila Xulia*. Esta última é do ano 1926, realizada en estilo ecleticista francés II Imperio, dous andares, faiado e unha soa fachada na que destaca unha cúpula nervada de estilo francés. A obra foi realizada mentres os seus donos vivían en Cuba, cando viñeron visitala foi tal o desagrado que lle produciu aos donos, don Afonso Renduelez e dona Xulia Rocha, que mandaron construír outra nunha parcela próxima.

(http://indianos.benquerencia.info/indianos/indianos_barreiros.htm)





San Estevo do Ermo


San Estevo do Ermo

Está situada a menos de 4 da capitalidade do concello, en dirección Insua, os tramos iniciais son por estrada asfaltada e ao final por un camiño de terra. O entorno da ermida é un lugar propicio para descansar e disfrutar paseando ou contempla-la **fonte ferruxinosa** á que se lle atribúen propiedades curativas. Dende antigo esta propiedade da fonte deu lugar a unha concorrida romaría, na que se recollían grandes sumas de cartos entregadas polos fieis; a fins do século XVI superaba con creces os 1200 marabedís a recadación anual.

Un pouco máis arriba da fonte está a **Fervenza**, e ao lado dela, nunhas laxas que vemos no chan, están as coñecidas “ferraduras do cabalo de Santiago”. O apóstolo estaba a ser perseguido polos seus inimigos e nese punto o cabalo deu un salto dunha ladeira á outra salvando ao seu xinete.

Se continuamos un pouco máis atoparemos coa **Fonte de Santa Rosa**, tamén con propiedades curativas, esta vez para as doenças da pel. Debemos lavar un pano nesa auga e con el mollar a pel afectada, despois ataremos o pano e deixarémolo alí a secar, cando isto aconteza tamén desaparecerá a nosa doença.

A romaría de San Estevo do Ermo celébrase o primeiro sábado do mes de xullo congregando a un grande número de persoas.





The background image shows a wide, shallow river or estuary flowing from the foreground towards the horizon. The water is a vibrant turquoise color. On either side of the water, there are green fields and dense forests. In the distance, several low hills are visible against a sky filled with scattered white and grey clouds.

A Espiñeira Foz



Trazado Espiñeira ata Foz

(7,650 quilómetros)

Chegamos así ata o lugar da Espiñeira, non se confunda o viaxeiro pois existen dous lugares co mesmo nome. Antes de cruzala ponte estamos no lugar da Espiñeira do concello de Barreiros e despois da ponte, a uns 700 m, atopámonos coa Espiñeira do concello de Foz.

Na primeira das Espiñeiras podemos ben cruzá-lo río Masma pola ponte ou ben coller pola estrada que vemos á nosa esquerda (LU-150) ata o *Pozo Mouro* onde seguiremos pola estrada N-634 (E-70) ata Celeiro de Mariñaos, pasaremos polo *Camino Real*, xusto por diante da igrexa e descenderemos ata á *Ponte da Rexa*, ou á *de Barral*, un letreiro indícano-lo camiño. Calquera das pontes servirános para cruzá-lo río, tal e como fixeron antigamente os viaxeiros e peregrinos. Lembremos que a *Ponte da Rexa* é a mesma *Ponte de Murinaos* que aparece nun documento do ano 1167. Unha vez cruzado o río collemos a estrada secundaria dirección *Vilaronte-Espiñeira*.

Non recomendamos este traxecto, de algo máis de 7 quilómetros, pois acabará o peregrino chegando a Vilaronte, que está a 1.5 quilómetros da ponte da Espiñeira polo trazado que nós recomendamos.



▲ Mapa trazado Vilaronte-Foz

◀ Río Masma e a casa de turismo rural “A Goleta”

Toda esta volta había que dala antigamente, cando para cruza-lo río Masma tan só había un servizo de barcas, no que o comportamento dos barqueiros deixaba moito que desexar: “*bien informado el Ayuntamiento que los encargados del bareaje del Río Espiñeira, Juan Bao y José Montenegro, olvidándose del cumplimiento de su deber detienen mucho más de lo necesario a los transeúntes particularmente a los que intentan pasar del distrito de Barreiros para este que fastidiados de esperar y vocear por los barqueros prefieren retirarse y hacer el largo rodeo que es indispensable para atravesar sobre el puente de Cillero*”. (Acta do concello de Foz, 1846).

Cruzámo-la ponte e a escasos pasos collémos á esquerda pola LU-152, dirección Ferreira. Cando chegemos á Espiñeira de Foz (700 m dende a ponte) comprobaremos que é unha pequena e fermosa aldea, a cal noutrora tivo unha importante feira de gando tódolos días 10 de cada mes e que os veciños intentan recuperar.

Neste lugar da Espiñeira debemos visita-la capela da Virxe do Pilar. Unha pequena construción do século xv dunha soa nave na que destacaríamos o seu singular rosetón.



▲ Capela da Virxe do Pilar sita no Campo da Feira da Espiñeira

► Vista do Campo da Feira





Dende a praza baixamos para atoparnos outra vez co camiño. Antes de que este comece a ascender e sen darnos conta cruzámo-lo *rego da Baesta*, hoxe a estrada soterra a antiga e histórica ponte da Espiñeira, da que xa se nos fala no ano 1395. Converteuse esta ponte nun punto de referencia cartográfica, así en documentos do século XVI podemos ler que existe unha ruta denominada “*camino francés que va de Ribadeo a la puente de la Espiñeira*”. Por esta ponte pasaron viaxeiros, peregrinos, descoñecidos ou de nome famoso como é o caso de Bartolomé Fontana, e soldados, coma os que entraron na vila de Foz, aló polo mes de marzo do ano 1809.

A partires deste punto ascende o camiño cunha elevación moi suave para levarnos ao lugar de Vigo. Seguimos subindo deixando á nosa esquerda *Villa Amadora*, unha interesante edificación con marcadas referencias indias que data do ano 1932.



▲ **Fonte das Augas Santas. A Espiñeira**
▲ **Villa Amadora en Vilaronte**



Igrexa de Vilaronte



Despois de dous quilómetros achamos á nosa dereita a igrexa de Vilaronte. A antiga edificación, da que xa se fala no ano 1365, foi demolida e construída unha nova no século XVIII, remodelada posteriormente no XIX. Interesante é o capitel que está no interior da igrexa, totalmente decorado con follas de acanto, datado no século XIII, que hoxe se emprega como pía bautismal.

O camiñante debe tomar a estrada que dende a igrexa vemos á nosa esquerda, dirección *A Fervenza*. Pasaremos por diante da fonte de *Nogueirido*, obra do ano 1949, e subiremos pola segunda estrada á dereita que vexamos despois da dita fonte. Remata a estrada nun stop no que colleremos á esquerda e a uns escasos 50 metros tomaremos á dereita, agárdanos unha pronunciada subida de 300 metros que nos leva ao *Chao* onde podemos ve-lo Cruceiro do Carme e o punto exacto de división das dúas parroquias de Vilaronte e



Fonte de Figueirido




Cruceiro da Ermida do Carme



Ermida do Carme





San Martiño. Abandonámo-la capela polo mesmo *Camiño Real* que se documenta no ano 1753 e baixamos 200 metros, cruzámo-la estrada e seguimos baixando para coller pola primeira pista á esquerda cunha pronunciada baixada. No stop dirixirémonos á dereita e a 400 metros á esquerda pola estrada que sube, despois á dereita ata a basílica de San Martiño. No noso camiñar quédanos á esquerda o prado coñecido como *O Campo da Feira*, pois era alí onde se realizaba a feira anual con anterioridade ao século XVI e o chamado *As Escoigas*, toda esta finca pertencia ao hospital de peregrinos de San Martiño, o seu nome deriva das escoigas de ferro que producían as ferrerías que alí existían.

Imaxes da Basílica San Martiño





Historicamente dende a antiga Sé saían douis camiños que aparecen baixo o epígrafe de *Camiño Francés*. O primeiro deles é o que sube pegado ao cemiterio de San Martiño en dirección á capela do Bispo Santo, son 2,2 quilómetros que discorren por unha estrada secundaria con moi pouco tránsito. Cruzaremos polo antigo *Rego de Lava-las mans*, onde no ano 1546 se congregaban “*melezineros, agoreros e adevinos*”, probablemente fose o rego un lugar considerado santo vinculado ao poder curador das súas augas, algo moi común nos ritos precristiáns.





▲ Capela do Bispo Santo
► Casa Brasonada. Marzán



Tras dous quilómetros de camiñar entre eucaliptos chegamos a un cruce, a súa dereita está, a pouco máis de 200 metros, a ermida do Bispo Santo, onde, segundo unha fermosa lenda conta, tivo lugar o milagre do afundimento das naves normandas por parte de San Gonzalo.

Deixamos a capela, lugar ao que noutros tempos acudían centos de persoas buscando a súa curación, tal e como amosaban os exvotos de cera (mans, pernas, ollos, corpos enteros e nenos) e muletas que colgaban nas súas paredes, e dirixímonos cara a Foz pola LU-2009. Chegamos ao barrio de Marzán (1.7 quilómetros) no que podemos contemplar unha casa brasonada coñecida como *A Casa Grande*, da que xa se tén noticia a mediados do século XIV, non é a única casa brasonada, a menos de 100 metros está a *Casa dos Pillados*, cun escudo do ano 1765.

Dende Marzán o *Camiño* continúa cara Forxán e Fazouro.

Volvamos a San Martiño, o segundo dos camiños históricos é o que recomendamos. Comeza nas escaleiras da Basílica. Dende este lugar vemos tres estradas, a da esquerda lévanos ao Bispo Santo, a da dereita lévanos ao antigo hospital de peregrinos (unha casa amarela que podemos ver a menos de 20 metros), nós collemos a do medio.

Deixamos atrás San Martiño, facendo a firme promesa de volver, pois a basílica non pode ser apreciada nin comprendida nun só día, xa que cada vez que nos achegamos a ela ten unha faceta nova que amosarnos.

Descendemos ata un stop e despois á esquerda, pola estrada, ata que nos atopemos cun sinal que nos indica *Vilacendoi*, polo que baixamos e seguiremos recto ata a primeira bifurcación, na que optamos pola estrada da esquerda. Neste camiño que estamos a seguir atoparémonos con varios cruces máis nós seguiremos recto, ascendemos no tramo final ata un cruce de camiños (1.7 km dende San Martiño) que é inconfundible pois na man dereita vemos unha cruz que marca o lugar onde, segundo os veciños, ata hai pouco tempo se soterraban os nenos que morrían sen recibir o bautismo.

Nese cruce de camiños colleremos pola estrada da esquerda ata outra bifurcación na que debemos ir á dereita e despois todo recto. Pasamos por debaixo da ponte da



- ▲ Mapa trazado Foz-Forxán
- ▼ Antigo hospital






vía do tren (1.9 km dende San Martiño) e a 600 metros atopamos á nosa dereita uns muíños restaurados coñecidos como os de Leandro, lembrando a un antigo propietario, o sacerdote Leandro Samaniego.

Neste punto volvemos a atoparnos coa estrada que colleremos á dereita, dirección Vilaxoane-Foz. Transcorre o noso camiño por diante da capela de San Brais. Santo milagreiro que celebra a súa onomástica o día tres de febreiro, “*se vas a San Brais, San Braisiño tráeme un bolo de pan, non moi grande nin moi pequenijo*”, canta unha copla popular na que se fai referencia aos bolos de San Brais, que se venden tan só o día da festividade do Santo.

En caso de que a capela estivese aberta debemos pasar un pano pola imaxe do santo e despois atalo ao pescozo para evita-las posibles dores de gorxa.

Remata o trazado en Vilaxoane, lugar no que nos atopamos.



◀(Páx. anterior) Peirao de Foz

▲ Igrexa de Foz

◀ Paseo Praia de Foz



Praia da Rapadoira. Foz





Paseo marítimo de Foz, dirección Fazouro





A Sé episcopal de San Martiño de Mondoñedo

Con anterioridade á instalación da Sé episcopal en San Martiño había no lugar un cenobio, probablemente o *Mosteiro Máximo*, pertencente aos bretóns que se asentaron nesta costa a principios do século VI. As escavacións arqueolóxicas realizadas por Manuel Chamoso Lamas, no ano 1965, demostraron que debaixo dos actuais muros existen outros cunha orientación totalmente distinta que foron datados entorno ao século VI.

No ano 864-867 o rei Afonso III autoriza ao bispo dumicense Sabarico I a asentarse neste lugar “é causa notoria que, a causa da persecución dos sarracenos ti Savarico abandonáche-la túa Sé e fundáche-la Sé no lugar de Mondonieto, ca miña aprobación”, aparece escrito en documentos do século IX.

Traían consigo as reliquias de San Martiño de Dumio (Braga, Portugal) que lle dará nome ao actual San Martiño de Mondoñedo.

A lo largo dos anos a Sé irá aumentando en extensión xeográfica e irán aparecendo novas construcións xunto cun desenvolvemento do tecido urbano. Tamén o seu nome será coñecido polos bispos que a gobernarón, entre os que destacamos a Sabarico II ou San Rosendo, fundador do mosteiro de Celanova, ambos son da primeira metade do século X e ambos están emparentados coa familia real. A fins do século XI destaca a figura de San Gonzalo, o derradeiro dos bispos de San Martiño.

No ano 1112 a Sé episcopal de San Martiño é trasladada máis ao interior, en concreto ata Vilamaior do Val de Brea, hoxe coñecida como Mondoñedo, alegando que a antiga Sé estaba moi próxima ao mar, infestado neses anos de piratas normandos e sarracenos. No mosteiro de San Martiño instalábase entón unha comunidade de cóengos regulares de San Agostinho. A situación económica era precaria, necesitando o mosteiro constantes reparos, razón pola cal no ano 1532 o cabido mindoniense quedase co priorado de San Martiño, mentres que o seu prior recibe a metade dos froitos recadados.

No ano 1754 o mosteiro convértese en Real Priorado, estando rexido por un prior nomeado polo rei, feito que provocará fortes discusións e tensións entre o prior e o bispo. Tensións que se verán reflectidas na visita pastoral do ano 1756. Ante a non comparecencia do prior para amosa-los libros parroquiais e que as portas da igrexa se atopaban pechadas o bispo tivo que esperar algo máis de tres horas ata que, esgotada a súa paciencia, mandou abri-las portas empregando á forza, sendo necesario tirar abaixo unha das laterais.

A figura do prior segue viva ata mediados do século XIX en que se transforma en cura párroco.

O día 3 de xuño de 1931 esta igrexa foi declarada monumento histórico-artístico.



◀ Basílica San Martiño

▲ Fachada principal



▲ Canzorros
► Interior da Basílica

AS ETAPAS CONSTRUTIVAS DA BASÍLICA

Hoxe en día considérase que San Martiño é unha obra que se inicia entre fins do século XI e principios do XII, coincidindo coa prelatura de San Gonzalo. Na fachada principal hai dúas columnas que son aproveitamentos de épocas anteriores, unha delas, a da esquerda, realizada en mármore data do século VI mentres que a outra a granítica data do século X. Foi baixo a prelatura de San Rosendo, segundo o seu cronista, o monxe Ordoño, cando se constrúe a primeira catedral. Trataríase dun edificio de planta basilical que condiconará o templo erixido posteriormente polo bispo Gonzalo Froilaz. Restos de fiadas de muro prerrománicas que aparecen tanto no muro norte coma no sur, a porta con arco de ferradura, a columna da fachada e as cinco columnas interiores sen arco nin capitel son restos da traza arquitectónica da época de San Rosendo.

O bispo Gonzalo Froilaz (1070-1108) construirá a súa nova catedral comezando pola cabeceira. Neste caso está composta por tres ábsidas das que a central ten maior anchura caas laterais, mais as tres teñen a mesma lonxitude. Esta característica é bastante infrecuente en Galicia, onde aparte de San Martiño só a podemos ver na igrexa de San Xoán de Vilanova (Perbes. A Coruña). Outra característica que tamén se repite moi pouco atopámola nos arcos das ventás que posúen unha dobre derrame, interior e exterior, algo moi típico do románico inicial galego que só se pode ver en San Antolín de Toques (A Coruña) e nas

anteriormente citadas de Perbes e nesta de San Martiño.

A construción das ábsidas dátase no episcopado de San Gonzalo, así como o muro norte, polo menos ata o arco das tres ventás deste muro. As fiadas colocadas de distinta maneira, así como o distinto tipo de corte de pedra amosan que pertencen a unha etapa posterior. Os canzorros sobre os que descansa o teito lémbranos os gustos decorativos que se estaban a empregar en Santiago de Compostela, feito que se explica porque o novo bispo, Nuño Afonso, exercera o cargo de cóengo, deán e tesoureiro na catedral santiaguesa e era amigo persoal de Xelmírez. Trae o novo bispo a San Martiño, para remata-las obras da catedral, aos canteiros, arquitectos, escultores e pintores que estiveran a traballar en Santiago. Cando miramos as fiadas superiores dos muros, os canzorros e as pinturas do século XII, que apareceron recentemente agochadas baixo unha capa de cal, o que estamos a ver é a obra dos mestres santiagueses.

Chama poderosamente a atención a fachada principal do edificio, cunha alternancia entre arcos decorados e lisos. Para o profesor Yzquierdo Perrín a decoración do arco que se apoia nas impostas é outra reutilización de pezas existentes, comproba o citado profesor que as pezas decorativas da fachada son moi similares ás que existen no cruceiro, que son de época anterior.





▲ Antipendio

► Detalles do capitel interior

Cuberto por estes arcos vemos algo bastante pouco común na arte románica galega, trátase dun lintel pentagonal apoiado nas xambas cun crismón (símbolo de Cristo) pechado nun círculo no seu centro. Estes linteis chegaron a Galicia a través das peregrinacións xacobeas espallándose polo noso país dende Santiago de Compostela. Sobre do lintel vemos outro círculo con catro lóbulos que pecha dentro de si un Agnus Dei, cuxa representación é moi similar á empregada polo taller do Mestre Mateo en Compostela, aínda que a de San Martiño foi realizada con anterioridade.

Será no interior onde podamos apreciar mellor as distintas etapas construtivas sendo no cruceiro onde se concentra case a totalidade da decoración existente. Aparecen nesta zona os capiteis historiados que deron lugar a bo número de estudos científicos, entre os que destacamos a cena do rico Epulón, a degollación de San Xoán ou a representación de varios animais mitolóxicos que aparecían nos bestérios que circulaban por Galicia nesa época.

Dentro da igrexa podemos aprecia-la existencia de varias reformas datables no século XVI, como son a ventá aberta na nave sur, a porta de entrada lateral aberta no muro norte ou a maioría das pinturas da igrexa que datan dese século.

A gran reforma construtiva comeza o día 28 de febreiro do ano 1861, data na que se derruban as cubertas das naves. Ante a incapacidade de dous arquitectos de afronta-la reconstrución terá que se-lo mestre de obras do

bispado, don Francisco Lanteiro, o encargado de resolve-lo problema do deterioro das cubertas e da posibilidade de que os muros do edificio non aguantasen moito máis en pé. A solución de Lanteiro será adosarlle ao edificio uns impresionantes contrafortes na cabeceira do edificio, no muro norte e na fachada que evitaron o derrube e permitiron que a igrexa fose inaugurada na festividáde de San Martiño do ano 1866. Se ben os contrafortes son os elementos arquitectónicos más recentes semella como se formasen parte do enramado da igrexa dende o principio da súa concepción.

O ANTIPENDIO

Para o profesor Yzquierdo Perrín esta obra pertence ao mesmo autor que realizou os capiteis historiados do cruceiro, polo tanto dados a fins do XI ou principios do XII. Certo é que outros investigadores quixeron ver nesta obra unha antigüidade maior da que ten, chegando a datalo no século X.

Nesta obra podemos ver unha imaxe de Xesucristo sentado nun trono e bendicindo (Maiestas Domini) pechado dentro dunha mandorla sostida por dous anjos. Tamén pechado en mandorla aparece outro Agnus Dei, moi semellante ao tímpano da fachada principal. Debaixo destas dúas mandorlas aparece un conxunto de tres figuras vestidas con roupas litúrxicas que son bendicidos por anjos, que van vestidos con roupa litúrxica.

Os rostros das imaxes son moi semellantes aos que podemos ver no capitel da degollación do Bautista ou no da cea do rico Epulón, feito que corrobora que ambas obras son dun mesmo autor e da mesma época.

Se a datación cronolóxica do antipendio deu lugar a un amplio número de teorías non foron menos as que intentaron explicar o significado desta obra. No único no que se puxeron de acordo os investigadores que a estudaron foi no carácter didáctico desta, máis non sobre o significado, así para uns representa unha ordenación sacerdotal, outros decántanse por unha consagración episcopal e unha terceira corrente apunta a posibilidade de que sexa unha representación de San Xoán dirixíndose ás igrexas de Asia.

O CONXUNTO ESCULTÓRICO DOS CAPITEIS

Para o profesor Perrín os capiteis do cruceiro de San Martiño de Mondoñedo “forman un dos más singulares conxuntos da escultura románica galega” (Yzquierdo Perrín, R.1994. De arte et architectura. San Martín de Mondoñedo. P.46). Este conxunto escultórico está composto por un total de once capiteis situados todos na zona do cruceiro e altar maior. Aparecen neles animais mitolóxicos como é o grifón nunha escena na que é atacado por un home armado cunha longa e afiada lanza, aparece na mesma escena un home de brazos cruzados e un cabalo en vertical no eixe da peza. Para o citado profesor a aparición do grifón e a colocación no extremo do capitel dese cabalo explícase polo

coñecemento que o mestre escultor tiña dos bestiarios da época. Unha imaxe moi semellante a esta podémola ver no *Bestiario de Oxford*. Outro animal mitolóxico que aparece son as sereas, un tipo de representación moi corrente na Galicia medieval.

A parte de animais mitolóxicos, hai capiteis con motivos vexetais e outros historiados. Nun destes podemos ve-la imaxe da degollación de San Xoán Bautista, a conformación e realización da escena é moi semellante á que existe na igrexa de San Bartolomé de Rebordáns (Tui), feito que leva a pensar ao profesor Perrín na existencia dunha miniatura que existía nesa época, hoxe perdida, e que quedou plasmada nestas dúas igrexas. Ao lado deste capitel existe outro con motivo semellante, trátase da cea do rico Epulón e o pobre Lázaro, algo que aparece no evanxeo de San Lucas. O máis significativo desta escena aquí representada é que o profesor Perrín, un dos maiores coñecedores do románico galego, afirma que non atopou ningunha outra representación en Galicia deste tema, o que o leva a pensar que o mestre desta obra escultórica tiña amplos coñecementos dos beatos e bestiarios que circulaban pola época.

Componse o conxunto de varios capiteis de difícil explicación que motivaron interesantes teorías.

Polo que vemos, outra vez, San Martiño segue agochando grandes segredos e dándonos marabillosas sorpresas.



O CONXUNTO PICTÓRICO DE SAN MARTÍÑO

Actualmente consérvanse pinturas nas tres cabeceiras e no muro sur do cruceiro, a parte inferior da nave sur conservou un pequenísmo lenzo de pintura. Está situada sobre o sartego de San Gonzalo e nela podíase ver unha representación do milagre do afundimento da armada normanda. Describese ben esta imaxe nun documento do ano 1704, segundo o cal varias testemuñas afirman que existe na capela de San Gonzalo unha pintura mandada facer no ano 1505 por don Luis Pillado de Luaces na que se poden ver “*muchas pinturas juntas a modo de navios y en lo mas alto dos enarbolados y derechos y a la par dellos una efigie de un obispo pintada con su mitra que se dice bulgarmente es la del obispo santo llamado gonzalo; y junto a dicha efigie esta otro epitafio y rotulo que dice en letra antigua = sean confundidos- y mas adelante estan otras cinco efigies al parecer del testigo de sacerdotes con coronas aviertas que asi mismo oio decir heran los canonigos reglares que en dicho tiempo antiguo avia en dicha iglesia... y mas avaxo de todo esto estan pintadas otras cinco efigies de mujeres que oio decir que eran romeras*”.(Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Serie Bispos. San Gonzalo. 1704).

Maior sorte tiveron as pinturas das ábsidas e do muro sur do cruceiro, estas últimas son de varias épocas superpoñéndose unhas a outras. A máis recente é unha que representa a Santa Bárbara mandada pintar por Pedro Gómez capelán de San Martiño e Francisco,



- ▲ Pinturas
- Detalle da pintura
- (Páx. seguinte) Pinturas nun dos altares laterais



crego franciscano. A imaxe de Santa Bárbara aparece rodeada dunha longa lenda na que podemos ler quen a mandou facer e flanqueada polos dous mecenás. Se temos en conta que os franciscanos chegaron a San Martiño despois do ano 1547 é lóxico pensar que a data desta pintura debe ser posterior a ese ano e que tódalas pinturas que están en capas inferiores á de Santa Bárbara son anteriores.

Que podemos ver no conxunto pictórico anterior á pintura de Santa Bárbara? Unha representación de pasaxes do Novo Testamento dispostos en tres rexistros que tería o seu contrapunto no muro norte onde existiría unha representación de pasaxes do Antigo Testamento, tal e como acontecía nas igrexas pintadas do románico, como confirma o profesor Castiñeiras.

No rexistro superior existe unha representación do cortexo dos Reis Magos, no do medio apreciamos a escena dunha cea que nos remite á parábola do rico Epulón e Lázaro, representación que tamén podemos ver nun dos capiteis. O nivel inferior alberga unha representación da resurrección de Lázaro.

O profesor Yzquierdo Perrín pensa que este conxunto pictórico pode datarse entorno ao século XV, mentres que Castiñeiras ve na colocación das patas dos cabalos do rexistro superior, ou na aparición dun servente que dá de comer a Lázaro e na posición da man de Xesús similitudes con pintura de igrexas francesas do século XII, feito polo cal data este conxunto “no segundo cuarto do século XII, cando a igrexa estaba, como confirma a bula





▲ Sartego de San Gonzalo
► Anel e báculo de San Gonzalo

do Papa Adriano IV (1156), baixo unha comuni-dade de cóengos de San Agostíño”.

As pinturas das ábsidas laterais datan dos anos finais do século XVI e completan este rico conxunto pictórico.

SAN GONZALO

Gonzalo Froilaz foi bispo de San Martiño entre os anos 1070-1108, era membro dunha poderosa familiar, os Froilaz, seu irmán Pedro era o nobre galego máis importante do seu tempo, chegando a nomear como rei ao futuro empe-rador Afonso VII. O bispo Gonzalo foi un grande defensor do seu bispado tal e como demostrou nos seus preitos co bispo de Lugo e co de Santiago, polo dominio de certos territorios. O preito de maior sona foi o que mantivo con Xelmírez, que levou a Gonzalo ante o arcebispo de Toledo Bernardo; ante o rei Afonso VI; e ante o mesmísimo Papa, Pascual II. Estas tres figuras tan poderosas mandáronlle ceder ao bispo Gonzalo os terreos do preito, que el considera ba que lles pertencían. Ás tres ordes recibidas respondeu da mesma maneira: “*de ningunha maneira*”. Esta defensa a ultranza da Sé epis-copal mindoniense así como o derrube da ve-lla catedral para facer unha nova más grande e que aportase un maior esplendor provocou que trala súa morte o pobo o empezase a coñe-cer como San Gonzalo ou o Bispo Santo.

En vida este santo realizou dous milagres:

Da fonte da zapata: Conta a lenda que tras un período prolongado de seca os veciños do contorno acudiron a pedirlle axuda e consello

ao bispo que sacou a súa zapatilla e a lanzou por riba da cabeza dos reunidos mentres dicía: “alí onde caia nacerá unha fonte”. Hoxe aínda podemos ve-la *Fonte da Zapata*, á cal acude moita xente a buscar auga.

O afundimento dunha armada normanda: Conta a lenda que unha poderosa armada normanda ancorou na ría de Foz, viñan asolar e roubar esta terra. Os veciños correron a San Martiño buscando refuxio e o seu bispo, Gonzalo, ordenoulles realizar unha rogativa ata o monte da Cruz do Agrelo. Todos eles ían rezando detrás do seu bispo, que aínda que era moi ancián levaba unha enorme cruz nos brazos. Cada vez que o bispo se detiña a respirar axeonllábase e rezaba unha oración. Cando chegaron ao pico do monte a xente comprobou que por cada oración do bispo unha nave se afundía. Cando só quedaban tres naves o bispo permitiu que volvesen ao seu país a contar o sucedido. Dende ese momento os veciños construíron unha capela nese monte que pasou a chamarse monte do Bispo Santo. Actualmente realiza-se unha moi concorrida romaría a que a xente acode para pasar tres días comendo, bebendo e bailando.

O sartego de San Gonzalo: Na nave sur da basílica de San Martiño hai un sartego, sen decoración ningunha, desexo dun home humilde, no que se gardan os restos de San Gonzalo e do que foron extraídos o seu báculo de bronce e o seu anel de ouro, cunha inscrición curiosa que di: “*non quero ser vendido nin regalado*”.



O HOSPITAL DE PEREGRINOS DE SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO

Saíndo pola porta lateral do muro norte de San Martiño e mirando á nosa dereita vemos unha rúa e unha casa pintada de amarelo moi próxima ás ábsidas da igrexa, trátase do antigo hospital de peregrinos.

Descoñecémo-la data exacta de fundación do hospital, pero tendo en conta que a súa advocación é San Sebastián, igual que o de Ribadeo, e que San Sebastián foi substituído, como o santo ao que se lle pregaba para erradica-la peste, por San Roque a fins do século XV é lóxico pensar que o hospital de San Martiño é anterior a esa data. Esta teoría vén confirmada porque as primeiras noticias que posuimos deste centro datan do ano 1531 e 1540 e nelas non vemos indicio ningún que nos faga pensar que o hospital é de recente creación, comprobamos que se fala dun centro que leva tempo funcionando e que necesita reparacións, así no ano 1531 recibe unha cama de roupa por valor de 500 marabedís que deixara no seu testamento Vasco López de Moscoso.

Existía con anterioridade ao século XV un hospital en San Martiño?

Case seguro que si. Se lemos a obra que o monxe Ordoño de Celanova dedica a San Resson, no século XII, vemos como nos fala dun bispo que dedicaba moitos esforzos ao coidado dos pobres, viúvas, orfos “et peregrinis”. Eran estes *peregrinis* soamente estranxeiros que pasaban por alí ou eran peregrinos xacobeos? De ser isto último sería totalmente

lóxico pensar na existencia dun hospital onde acoller tanto a pobres como peregrinos.

O que si é seguro é que despois de 1531, primeira noticia documental, o hospital prestou servizo ata o ano 1833, se ben a casa, afourada no 1852, seguiu coñecéndose como a casa do hospital durante moitos anos.

Nos libros de gastos deste centro benéfico aparecen constantes referencias á presenza de peregrinos, que curiosamente aumentaba o seu número nos anos xubilares.

Que se lles ofrecía? Un pouco de calor na sempre acesa cociña e algo de repouso á súa fatiga nunha das seis camas que tiña o hospital, comida (aparecen referencias ao caldo de galiña, manteiga, pan e carne) asistencia médica que aportaba un cirurxián con sangrías, purgas e medicinas, ademais dunha asistencia espiritual, confesións ou imposición dos derradeiros sacramentos por parte do prior así como o soterramento na nave da esquerda da igrexa, destinada aos pobres do hospital e a peregrinos. O Prior de San Martiño, Xoán Bautista García Padriñán, no seu testamento (21/08/1762) manda que o seu corpo sexa “sepultado dentro de la Yglesia deste Priorato en la nave de los pobres peregrinos del hospital, junto al altar del Santo Cristo”. (Arquivo Hco Provincial de Lugo, Protocolo notarial de Xosé Pedreira Ron e Lanzós. Mazo 08136.03, fol. 2).

En San Martiño temos contabilizado 123 peregrinos, dos que 105 son de procedencia descoñecida; 6 son franceses; 5 alemáns; 4 españois; 1 irlandés; 1 flamengo e 1 da illa de Malta.



Basílica de San Martiño





Foz
Cervo



Trazado Foz ata Cervo

(14,25 quilómetros)

Deixamos ao peregrino no lugar de Vilaxoane, parroquia de Foz.

Inmediatamente despois de pasa-la capela de San Brais veremos á nosa dereita un moderno cruceiro. Antes de incorporarnos á estrada N-642 atopámonos cunha estreita rúa que se mete entre as casas de Vilaxoane pola que entraremos, son apenas 50 metros que nos levan outra vez á citada estrada nacional que cruzaremos para percorrer a antiga vía de entrada a Foz, actualmente coñecida como *Camiño Vello*. A nosa dereita deixaremos o campo de fútbol, situado ao lado do río Centiño, o mesmo que vimos coma un regato pequeno en San Martiño de Mondoñedo e que agora contemplamos na súa desembocadura. Xusto por detrás do campo de fútbol existían, ata hai moi pouco, unhas pedras chantadas no leito do río polas que se podía cruzar cando a marea estaba baixa e que a xente coñecía como *Os pasos*. Deixamos varios chalés tanto á dereita e á esquerda ata atoparnos cun cruce no que seguiremos recto, pasando pola gardería, antiga escola de nenos de Fondós, estamos na rúa Concepción Arenal, pasamos por detrás da Casa da Cultura e na praza de Salgado Toimil debemos tomar pola rúa Paco Mañón, que seguiremos ata unha curva moi pecha na que colleremos á



▲ Trazado Forxán-Fazouro

◀ Castro de Fazouro



Praia da Pampilosa

dereita, pola rúa *Congostra do Cura*, cando remata atopámonos cunha bifurcación, debemos de coller á da esquerda que sube, rúa Otero Pedraio, que nos leva ata a glorieta de Vilalba.

Cruzarémo-lo semáforo deixando un edificio vermello á nosa dereita, estamos na rúa Cervantes, que seguiremos pasando pola estación de autobuses e pola residencia de anciáns. A rúa Cervantes transfórmase na avenida de Viveiro no cruce de Marzán, un cruceiro e unha fonte marcan o lugar. Neste punto podemos seguir recto pola citada avenida ou coller o trazado histórico que nos leva polas casas de Marzán. Se eliximos este último veremos, inmediatamente despois de tomar á esquerda, dirección Bispo Santo, un cruce, coñecido como o Cristo, no que tomaremos a estrada da dereita (*rúa as catro calles*). Cando esta remate, seguiremos sempre recto, pasaremos pola rúa de Sieiro ata que remate nun cruce onde collemos á dereita pola rúa *Prado da Lama* que nos leva ata a N-642. Recomendamos coller pola esquerda, xa que ten beirarrúa, cando esta remata debemos cruzala estrada para seguir andando pola dereita. En menos dun quilómetro veremos un desvío á dereita que sinala cara o cámping San Rafael, podemos collelo pero recomendamos seguir recto uns 600 metros e cando a estrada ascende para salva-la vía do tren, coller un desvío á dereita que nos levará directamente ao cámping.

Situémonos mirando cara o cámping, debemos elixir a estrada que queda á nosa esquerda, pola que seguiremos recto ata chegar á praia da *Pampillosa*, seguimo-lo paseo ata o final da praia, pegado aos bancos de pedra en dirección ás dúas pontes que cruzan o río Ouro. Unha pasarela de pedra e outra de madeira permítennos cruzar por debaixo da ponte da estrada e da do tren. Saímos a unha pequena área de descanso que nos conduce a unha ponte de ferro. Pode o peregrino cruzala e despois tomar á esquerda ou ben non cruzala e subir uns 50 metros, momento no que nos atopamos cunha estrada á nosa dereita pola que debemos de seguir recto. Independentemente da estrada que collamos chegaremos á ponte vella de Fazouro, sita no lugar de Vilarmea. Se ben deste lugar temos documentación xa dende principios do século XIV, da ponte non sabemos nada ata o día 28 de agosto de 1458, momento no que o cabido mindoniense afora a unha finca que está “*enno lugar de Vilarmea onde dizen a Hermida como se departe da huna parte do camino françes que sal do couto de San Martinho et vay para a ponte de Fazouro et ençima testa enno camino que sal da aldea et vay para o souto*”. No ano 1531 Vasco López de Moscoso deixaba no seu testamento dous reais para o arranxo desta ponte, que pensamos que debía de ser unha estrutura completamente de madeira pois no ano 1575 o arcebispo don Diego Maldonado ordenaba no



Ponte Vella de Fazouro e área recreativa



▲ Igrexa de Fazouro
► Ponte Vella
► Fonte ao lado da igrexa de Fazouro



seu testamento que: “en caso de construirse el puente de Fazouro, de arcos de piedra, deja para la obra las viñas de Regueira”. Hoxe en día atopámonos cunha ponte restaurada de novo no ano 2010, desprovista xa dos seus arcos de pedra.

Inmediatamente despois de crusa-la ponte vemos unha curiosa escultura na que se pode aprecia-la representación dun Santiago peregrino e a dun Cristo crucificado, obra datada a finais do século xv, principios do xvi.

A igrexa de Santiago de Fazouro agárdanos a uns 50 metros da ponte e da pedra, merece a pena contemplar o río Ouro ao paso por este lugar, así como visitar esta igrexa que data do ano 1750, construída sobre outra anterior da que só se conserva a porta principal e a lateral do muro esquerdo. Aproveitemos para contemplar a capela de San Campio, construída no ano 1800, e o retablo maior, que data da



segunda metade do século XVIII, e conserva unha imaxe de Santiago peregrino do XVI.

Saíndo do atrio da igrexa vemos como o camiño ascende e tras percorrer 400 metros incorporámonos a unha estrada secundaria, debemos seguir pola dereita ata atopar un desvío á esquerda dirección Lousada. Deixamos á nosa esquerda os lugares de Morgallón e Raxal para atoparnos, a un quilómetro dende a igrexa de Fazouro, coa capela da Concepción, unha construcción do XVII con reformas posteriores, merece a pena deterse para contempla-la vista que hai nesta capela. Situada nun promontorio temos unha fermosa panorámica dende Ribadeo ata Burela, o que a converte nun marco incomparable para observala rasa cantábrica, unha lingua cha de terra, dun quilómetro de ancho, atrapada entre o mar e unhas erosionadas montañas. Debemos proseguir para atoparnos a 300 metros un cruce no que colleremos dirección Nois, nesta parroquia existe un terreo coñecido como a Veiga de Candín. Un apeo de 1596 confirma que lindaba co “*camino francés que de Ribadeo viene a Vivero*”.

Cando xa levamos 2.3 quilómetros dende Fazouro atopámonos con outro cruce no que collemos á esquerda, dirección Cordido, Demoroi e Trasmonte.

Fronte a nós vemos o pazo de Covas vinculado á familia Rodríguez Baixeras. Casa señorial da que temos constancia dende o ano 1569.



▲ Mapa trazado Fazouro-Canga
◀ Capela da Concepción





En menos de medio quilómetro chegaremos a Demoroi (LU-P-2007) lugar que aparece nun foro do ano 1705, no que podemos ler: “*por la parte de la cavecera testa en el Camino Real que va de Demoroi para Cabanas*”. Cruzaremos as casas e seguiremos recto non collendo o desvío cara a Trasmonte.

A un quilómetro veremos un cruce cunha pequena capela, debemos ir dirección Cordido, cando levemos percorrido outro quilómetro atopámonos cun desvío á nosa esquerda cun cartel publicitario de *Casa Genara*. Seguiremos recto en dirección Lamallada e Alemparte, ao que chegaremos despois dun quilómetro e medio. Neste lugar había no ano 1596 un muíño que limitaba “*en el camino francés que de Vivero va a Ribadeo*”.



No ano 1754 aforaba o bispo mindoniense, don Carlos Riomol y Quiroga, unha finca sita en Cangas que limita “*por el bendarval en el Camino Real, que viene de la villa de Vivero para la de Ribadeo y por el norte en el río que llaman de Alemparte y puente del mismo*”. Debemos de seguir recto desprezando os desvíos que veremos á dereita e á esquerda ata que chegemos a un cruce que nos leva á estrada que vén de Ferreira para Cangas (5.6 km dende igrexa Fazouro). Colleremos á dereita e xusto antes de incorporarnos á estrada N-642, despois de pasar por unha ponte sobre a vía do tren, tomaremos un desvío á esquerda

por unha vía secundaria asfaltada ata que remate. Posteriormente debemos coller dirección a Vilasindre. A 200 metros topámonos cun desvío á nosa dereita, pegado a un antigo pazo señorial, que debemos bordear. Pouco despois de pasar un portálón cunha cruz enriba contemplamos unha casa pintada de vermello na que unha placa nos indica que estamos na rúa *Camiño Real* número 46. A partires de aquí o camiño estrítase e comeza a descender dunha maneira pronunciada. Agora xa non está asfaltado converténdose nunha vía de terra que nos leva ata o regato de Vilachá, que podemos cruzar grazas a unha ponte artellada sobre un tubo de canalización. Seguiremos a ruta ata chegar a unha bifurcación no que collemos á dereita. En menos de 100 metros outra bifurcación, collamos a que collamos levaranos a dar á N-642, recomendamos a bifurcación da esquerda xa que na da dereita deberemos pasar por debaixo dunha ponte que permanece anegada a maior parte do ano.

Independentemente do camiño elixido acabaremos na N-642, que seguiremos ata ver unha ponte sobre a vía do tren pola cal cruzaremos ata chegar á derradeira praia do concello de Foz, *A Areoura*. Seguimos pola beirarrúa deixando a praia á nosa dereita, ata que 400 metros despois collamos un desvío á nosa esquerda que nos leva á estrada nacional, agora podemos continuar pola beirarrúa da dereita ata Burela.



▲ Mapa trazado Fazouro-Cangas-Burela
◀ Igrexa de Cangas



(Páx. anterior)
◀ Pazo Covas de Nois
◀ Ponte de Alemparte



Vista de Burela





Na entrada desta vila vemos un concesionario de coches á nosa dereita e unha rúa que sube á esquerda, dirección hospital da costa e zona escolar. Unha vez pasado o IES Perdouro seguiremos por esa rúa (*Camiño Real*) todo recto en dirección cuartel da garda civil. Inmediatamente esa rúa ancha cambia transformándose en rúas estreitas e sinuosas o que nos dá a entender que imos por bo camiño. Despois dunha rotonda vemos á nosa dereita a igrexa nova de Burela nós debemos seguir recto en dirección cuartel garda civil. Cando chegaremos á dependencia da benemérita podemos elixir:

1. Seguir recto pola estrada a Vilaestrofe ata que a uns 300 metros, nunha curva pronunciada, vexamos a entrada do Camiño Real.

2. Xusto despois de pasa-lo cuartel da garda civil coller por un desvío asfaltado á dereita que nos vai levar á igrexa da Vila do Medio, unha edificación do século xv con interesantes pinturas do xvi. Despois de visita-la igrexa volvemos cara atrás seguindo os nosos pasos ata o primeiro cruce, se collemos á esquerda volvemos cara o cuartel e se collemos á dereita, por unha empinada subida chegaremos á curva que nos indica o comezo do Camiño Real.



- ▲ Trazado Cangas-Burela
- ◀ Capela da Vila do Medio. Burela
- ◀ (Páx. anterior) Vista da vila de Burela desde Monte Castelo





Trátase dun camiño bastante frecuentado na primavera e no verán polos veciños pero que en inverno pode aparecer bastante enlamado polo tránsito dos camións madeireiros.

Dende a entrada seguiremos todo recto contemplando a paisaxe e as casas abandonadas que van aparecendo ao noso carón. Existen varias pistas tanto á esquerda (200 metros dende o inicio) ou a dereita (1200 metros) que non debemos tomar, seguiremos recto ata que levemos 1.3 km en que nos atopamos cun cruce de catro camiños.

Nesa intersección o trazado do antigo do Camiño Real é o que baixa pegado ao edificio da subestación eléctrica. Unha pista de terra na que nos irá acompañando un regato á nosa dereita ata que a 1.4 km nos atopemos unha estrada secundaria asfaltada na que collemos á esquerda para chegar, case inmediatamente, a Cervo.



▲ Trazado Burela-Cervo

◀(Páx. anterior) Paseo da Marosa. Burela





▲ Fábricas novas de Sargadelos

► (Páx. seguinte) Fábrica vella de Sargadelos



O outro Camiño Real que sae do anterior cruce de camiños lévanos ata o complexo industrial de Sargadelos, obra de don Antonio Raimundo Ibañez. Pensamos que este complexo, no que podemos apreciar tres momentos distintos de implantación fabril, ten unha beleza e agocha unha historia tan grande que merece a pena ser visitado.

Volvamos ao cruce, colleremos a pista que sube, cando levemos percorridos 400 metros tomaremos á dereita, desvío que nos vai levar ata unha estrada asfaltada na que veremos un cartel que sinala *Vilar, Calvela e O Eixo*, inmediatamente despois atopámonos un desvío de terra á nosa dereita que nos vai levar á fervenza e a canalización artificial construída no XVIII para abastecer de auga ás fábricas de fundición. Actualmente este paseo, ao lado do río Xunco, recibe o nome de *Paseo dos namorados*. Cando remata aparecen unhas fábricas abandonadas nas que se aprecian áinda as bocas dos altos fornos. Estas bocas de fornos son os primeiros altos fornos de España, anteriores aos do País Vasco.

Este lugar de Sargadelos foi declarado conxunto histórico-artístico no ano 1972, grazas aos esforzos de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane. Destacan neste conxunto varios edificios como son a igrexa de Sargadelos, a súa casa reitoral, a casa do administrador e o pazo de Antonio Ibañez.





Seguiremos pola estrada ata coller na primeira bifurcación á esquerda, dirección *Río Cobo*. Seguiremos recto ata que nos apareza un sinal, á dereita, que indica *Sargadelos-Rueta*, entramos por ese desvío que seguiremos ata que nos atopemos cun sinal de madeira que pon *Camiño Real*. Enseguida damos cos restos das primeiras fábricas de Sargadelos e con dous muíños derrubados. Recomendamos visitar o segundo, no que áinda se poden ver as aspas, pedras e engranaxes. Cruzámolo río por outra ponte entrando así en Cervo, seguiremos recto ata chegar á praza do Souto, pasando por diante do Centro de Interpretación Ecomuseo Terras de Azul Cobalto.

Despois de cruza-la praza do Souto seguimos pola rúa Xosé María Cao ata chegar á igrexa parroquial de Santa María de Cervo (séculos XVI e XVII). Dentro desta edificación destacamos a súa pía bautismal profusamente decorada coas típicas cunchas xacobeas, a cruz de consagración que vemos na parede exterior ou a lápida sepulcral dun fidalgo do ano 1679.

Saímos da igrexa e achamos un stop, collemos a beirarrúa da dereita e continuamos por ela ata ver un cruceiro, xa no alto, despois de levar percorrido un quilómetro.



◀(Páx. anterior) Paseo dos Namorados

▲ Fervenza. Paseo dos Namorados

◀ Igrexa de Cervo



QUE VER

A pedra de Vilarmeia

Os veciños afirman que sempre estivo no mesmo lugar que agora ocupa, nunha intersección de camiños, situada inmediatamente despois da ponte medieval de Fazouro.

Esta pedra ten esculpidas dúas das súas caras. Na primeira vemos unha imaxe de Xesús crucificado de moi pouco tamaño e relevo en contraposición ca segunda das imaxes.

A segunda representa un Santiago peregrino con bordón con remate apuntado, libro dos Evanxeos na man dereita, túnica longa, descalzo e sombreiro de ala ancha, propio dos peregrinos. Imaxes moi semellantes a esta aparecen vinculadas ao Camiño de Santiago na Bretaña francesa.

A pedra pode datarse entre finais do XV e principios do XVI.


O Pazo de Covas. Parroquia de Nois

A historia documental desta casa comeza o 3 de agosto de 1569 cando o matrimonio composto por Fernán Díaz de Baamonde Rivadeneira e Sancha Rodríguez Espiñarido, nobres residentes en Espiñarido (Cervo), deciden mellorar a un dos seus fillos cunha casa e terras que tiñan na parroquia de Nois. O primeiro dos posuidores do vínculo será Fernán Díaz de Ribadeneira, fillo dos anteriores, tamén coñecido como Fernán Díaz de Portugal, pois residía en Lisboa, probablemente como mercador de madeira.



▲ Pedrada Ponte Vella, Fazouro

◀ Pazo de Covas en Nois



▲ Porta. Pazo de Covas en Nois

Os sucesores do vínculo residirán na cida casa de Covas desde o ano 1603, sendo considerados nos padróns como fidalgos notables. Vivían das rendas que producían as terras do vínculo e as que ían mercando. Para demostrar a súa importancia e prestixio social na igrexa de San Xiao de Nois posuían un banco con respaldo para os homes e unha tarima de madeira ao lado da entrada para asento das mulleres da casa e dúas sepulturas.

Arquitectonicamente falando o pazo está composto por tres edificios unidos entre si. No alto, lindando co Camiño Francés, está a capela, de porta lintelada que nos dá acceso a unha capela dunha soa nave cuberta con teito ás dúas augas.

O edificio central era a antiga casa patrícia, na que vemos o escudo da familia na súa fachada, o terceiro dos edificios é un engadido posterior rematada toda a súa parte de arriba cunha fermosa galería.

Actualmente o pazo pertence á familia Rodríguez Baixeras da que son membros sobre-saintes Xavier, tradutor, escritor e renomeado poeta, Antonio que destaca na narrativa e na investigación histórica e Henrique que foi un dos pioneiros do cine en galego, rodando no seu pazo a película *O Cadaleito*, tendo como axudante de cámara a un descoñecido Fernando Trueba.

O ouro de Burela

De igual maneira que acontece en tódolos pobos polos que pasa o Camiño do Mar en Burela tamén existen asentamentos de época castrexia, que se poden dividir en interiores: o Castro de Paredes ou costeiros como son o Castro Baixo, Cordón e Castrelo. En todos eles apareceron restos de cerámica de distintas épocas pero os achádegos más salientes de Burela son dúas pezas de ouro: A arracada e o Torques de Burela.

A primeira é un tipo de pendente da época castrexia, que a diferenza dos actuais non esixía a perforación da orella. Trátase dunha peza de 5 gramos de peso e cunhas dimensións de 2.3 por 1.85 centímetros. A profesora Aurelia Balseiro opina que nesta peza se condensa unha extraordinaria e minuciosa labor de filigrana e granulado.

O torques apareceu no lugar coñecido como o Chao do Castro, trátase dunha peza de ouro de 23 quilates e cun peso de 1812 gramos formado por unha grossa vara con remates de dobre tronco nos seus extremos, só ten decoración no seu centro, unha delicada filigrana. Estamos ante o máis completo e bonito dos torques que apareceron na Mariña Lucense.

Ambas pezas amósanse no Museo Provincial de Lugo e pertencen á colección Gil Varela.

Non son as únicas pezas de ouro aparecidas en Burela. Aínda hoxe fálase dunha diadema e dun brazalete que acabaron sendo vendidos en Viveiro, pero dos que non sabemos absolutamente nada.

Burela e a familia Bolaño

Non será ata o século XII cando apareza a primeira referencia documental de Burela, na división territorial que levan a cabo o bispo Nuño Afonso e o rei Afonso VII. Burela está entre as que pertencen ao rei.

No século XIII (1258) aparece por primeira vez o termo *Sucesión de Burela*, trátase dun conxunto de fincas situadas en lugares que abarcan os concellos de Ribadeo, Foz, Burela e Viveiro e que se aforaban todas nunha soa peza. En Burela congregábanse a casa torre, o porto e un maior número de fincas de aí que dé nome a esta propiedade. Esta Sucesión tivo un prolongado preito pola súa posesión entre o bispo e Pedro de Bolaño, xenro do Mariscal Pedro Pardo de Cela, que rematou coa división da Sucesión en dúas partes: Por un lado as terras, porto e casa torre de Burela, quedaría na familia Bolaño e o resto das fincas serían aforadas polo bispo de maneira individual.

A casa torre quedou en mans da familia Bolaño ata que no ano 1891, nun estado de ruína serio, o seu propietario manda derrubala e construír coa pedra sobrante tres casas, unha delas, a máis pequena, será a que reciba o escudo, que hoxe aínda campa na súa parede, lembrándonos os tempos gloriosos de antano.

A familia Bolaño era dona tamén do vínculo do Pazo do Vilar e do porto que aforaban ás compañías baleeiras francesas e vascas que viñan cazar a balea franca.

Burela e o mar

A importancia que tivo a presenza de baleeiros en Burela queda patente coa construcción de oito casas destinadas para este fin. Segundo os cálculos dos investigadores en Burela víñanse matando entorno a 30 baleas anualmente, o que significaba uns 500 reais en concepto de aforamento polo porto para a familia Bolaño.

Non so se cazaba a balea en Burela, os veciños consolidáronse como grandes pescadores e a tradición mariñeira queda viva hoxe no Barco Museo Boniteiro “Raiña do Carme”. Un barco que ía ser desguazado e rematou converténdose en museo vivo, pois podemos entrar nel, pasear pola sala de máquinas, polo pañol ou pola cociña mentres imaxinamos o que sentían os mariñeiros alí pechados entre olas que os devoraban.

Burela converteuse, xunto con Celeiro de Viveiro, nun dos portos de maior actividade pesqueira da costa lucense, feito que explica que aparte da súa festa patronal dedicada á Virxe do Carme teñan unha feira do Bonito (agosto) e a Feira Náutico Pesqueira que organiza en maio a Fundación Expomar.

A igrexa da Vila do Medio e as súas pinturas

A súa construción orixinal é anterior ao século XV, más as reformas do XVII e sobre todo do XVIII, déronlle o aspecto actual.

Era unha igrexa pequena, como tódalas medievais, con pouca luz, na que non collían os fieis por iso se decide no século XVIII levar a



▲ Burela

▲ Capela da Vila do Medio. Burela



Fábricas vellas de Sargadelos

cabo unha serie de reformas como son a construción da capela maior (posterior a 1792), unha nova sanxristía (1754) e a apertura de vanos (1803) que trae máis luz á igrexa pero, en contrapartida, desfará o conxunto pictórico que se agochaba baixo capas de cal.

O conxunto pictórico da igrexa da Vila do Medio “pertence ao gótic tardío, e con moita probabilidade, son de fins do século XV” recoñecía o cronista oficial de Burela, Ricardo Pena Domínguez. Son pinturas medievais caracterizadas pola escaseza de cromatismo, unhas liñas de dibuxo moi marcadas, a tosquedad dos rostros ou a ausencia de fondos e elementos secundarios. Neste conxunto represéntase imaxes da flaxelación, morte e resurrección de Xesucristo.

Antonio Ibañez, marqués de Sargadelos

Nado en Santa Olaia dos Oscos, fillo dun escribán de escasos recursos económicos chegará a Ribadeo onde florecerá como un dos grandes comerciantes e industriais da segunda metade do XVIII ata a súa morte o día 2 de febreiro de 1809 a mans dunha turba enfurecida que o acusaba de ser partidario da Francia ca que se estaba en guerra.

O seu ascenso económico ten lugar en Ribadeo onde comercia con aceite, viño, augardente e liño, incrementándose o seu poder ao casar con dona Xosefa López Acevedo. Este matrimonio e a súa riqueza permitiralle construír o seu pazo na praza principal de Ribadeo (a actual Casa Consistorial) e converterse

en inspector xeneral de Artillería. Este posto serviuelle para asegurarse o apoio da Coroa nunha nova empresa, a construción duns altos fornos no lugar de Sargadelos. A creación desta empresa, revolucionaria para a época, provocou unha revolta popular, alentada polo clero segundo algúns investigadores, no ano 1798.

Ibañez despois dos altos fornos creará en Sargadelos unha fábrica de cerámica.

As distintas fábricas que posuía en Sargadelos así como o florecente comercio que mantiña con países europeos fixeron del unha das persoas más ricas do contorno e permitíronlle acceder a cargos municipais, relegando a certas persoas da nobreza terrateniente.

Tanto a súa riqueza como as novas ideas ilustradas que posuía provocaron celos tanto na nobreza como no clero que o acusaron de apoiar ao invasor francés e ocasionaron o seu linchamento no mes de febreiro, no lugar de Dompiñor, intentando escapar dun Ribadeo ocupado por unha turba de fanáticos.

As fábricas continuaron funcionando tra-la súa morte sendo subastadas no ano 1878. Sargadelos cae en decadencia e no esquecemento ata que da man de Isaac Díaz Pardo se relance, a nivel mundial, a cerámica de Sargadelos.

Tanto as fábricas como as casas e a presa foron declaradas Conxunto Histórico Artístico no ano 1972.





▲ San Cibrao

► Vista panorámica de San Cibrao

▼ Vista de San Cibrao

O Pazo dos Pedrosa

Conta a lenda que a raíña inglesa Sabela I expulsara a tó dolos católicos e calvinistas do seu reino. Un dos fuxidos foi o nobre irlandés O'Connor que embarrancou a súa nave no lugar de San Cibrao. Namorado da terra pediu permiso ao bispo para poder edificar un pazo no que incrustou o mascarón de proa do seu barco. Este irlandés debeu casar cunha muller dos Pedrosa, familia da que sabemos que vivía nesta zona no ano 1398.

Varios membros desta familia ocuparon o cargo de capitán de milicias, encargados de protexe-lo facho que existía en San Cibrao.

A casa torre é a típica casa de labranza de dous pisos e a catro augas con dous escudos na súa fachada principal.

O hospital de San Andrés

No porto de San Cibrao, coñecido pola pesca da balea dende o século XIV, existía unha pequena ermida xa con anterioridade ao ano 1128, na que se conserva, dunha anterior igrexa, unha pía bautismal datada entre os séculos IX e X. Servía esta igrexa como parroquial non existindo outra ermida no porto de San Cibrao ata que o 8 de xaneiro de 1641 o cura párroco don Andrés Varela levantase unha nova capela e un hospital. Era un pequeno centro benéfico composto por seis camas no que se deben acoller e curar pobres, transeúntes e peregrinos.

Estes recibían comida, cama, o calor do lume e moi poucas medicinas pois as rendas non eran abondosas.

A mala xestión dos diferentes mordomos foi o que acabou con este establecemento a principios do século XX.

Que neste hospital se acollerón peregrinos queda patente pola súa referencia nos libros do hospital e pola aparición de tres defuncións de peregrinos, un francés, un alemán e un xenovés.

A ponte e os camiños de San Cibrao

San Cibrao era nun principio un istmo que en marea chea quedaba afastado da terra firme, ademais diso estaba na desembocadura do río Cobo, que o separaba da parroquia de Lieiro. Nun principio optouse por colocar na ría unha serie de pedras polas que pasar en marea baixa, son os pasos que aínda podemos ver hoxe. Pero no medievo a vila experimenta un pulo urbanístico e comercial que a obrigou a crear unha rede viaria e a construír unha ponte de madeira para salva-lo río Cobo. Elixíuse o lugar onde o río se converte en ría, pero as constantes enchentes do mar acabarán por derrubala facendo necesario a construcción dunha ponte de pedra dunha altura de máis de 8 metros, dun só ollo oxival e dunha anchura de tres metros pola que transitaban carros e carruaxes.

Esta ponte foi reformada no século XIX máis non perdeu un ápice da súa orixinaria beleza.









A scenic coastal landscape featuring a dense forest covering a hillside overlooking a sandy beach. A paved road winds its way along the top of the cliff. In the foreground, the ocean waves gently wash onto the shore. A white circular overlay on the right side contains the text.

Cervo
Faro



Trazado Cervo ata Faro

(23,8 quilómetros)

Comezamos no cruceiro e seguimos pola beirarrúa ata un cruce a 300 metros, cruzámolo estrada nacional ata un camiño de terra que vemos xusto enfrente que nos leva despois dun quilómetro de percorrido, ata un transformador eléctrico que queda á nosa esquerda. Atopámonos nun cruce de camiños e collemos de fronte cara unha casa branca, pasamos por outra casa chamada *Villa Soledad* e collemos o primeiro desvío á esquerda ata máis adiante outra vez tomar á esquerda. Aínda non levamos percorridos 100 metros cando vemos un pequeno transformador que pon *As Patosas*, pegado a el hai un camiño de terra que nos vai levar ata a urbanización de *Río Cobo*, en concreto sairemos na *Calle 4*. Á nosa esquerda está o clube deportivo e á dereita un parque. Na primeira intersección tomaremos á dereita, de igual maneira faremos na seguinte, estamos agora na rúa *Calle 1*, descendemos ata a estrada que vai cara San Cibrao, este cruce coñécese como a *Cruz de Maximino*.



▲ Mapa trazado Cervo-San Cibrao

Cervo



Cando chegamos a San Cibrao, antes da rotonda atopámonos unhas escaleiras polas que nos metemos. O que estamos a pisar agora é un dos anacos que quedaron do primeiro *Camiño Real* que entraba en San Cibrao procedente de Sargadelos.

É necesario dar unha volta por esta vila, disfrutar das súas rúas, propias de pobos de mariñeiros, e visitar o antigo hospital de San Andrés no que se recollerón peregrinos de varios países.

Despois do merecido paseo polo pobo debemos de dirixirnos cara a Avenida da Mariña ata que vexamos á nosa esquerda a rúa *do Cobo* pola que entramos ata que no seu remate vemos un arco que nos permite pasar por debaixo da vía do tren e nos conduce á ponte medieval de Bao.

Unha vez cruzada a ponte vemos unha estrada asfaltada á dereita, nós colleremos recto por unha pista de terra (500 m) que nos leva ata a estrada LU-1507. Tomaremos cara á dereita, a 400 metros hai un cruce no que colleremos dirección Viveiro, seguimos pola LU-1507 ata que 500 metros despois vemos unha estrada á nosa dereita, trátase da entrada á fábrica Alcoa. Inmediatamente despois de esta estrada hai un camiño de terra con muros nos dous lados da súa entrada que collemos, este é o antigo *Camiño Real* que ía cara Viveiro.




◀ (Páx. anterior) Ría de San Cibrao

▲ Museo do Mar



Tras un percorrido de quilómetro e medio (6.10 km dende o cruceiro) atopámonos coa primeira casa á esquerda e vemos como o camiño aparece xa asfaltado, neste punto entramos no concello de Xove e no lugar de Vilar. Debemos de coller á dereita pasando, outra vez, por debaixo da vía do tren. Atopámonos con outra estrada e seguiremos cara a dereita ata o primeiro desvío que vexamos, no que debemos coller á esquerda, seguiremos por esta vía ata que nos atopemos cun stop no que colleremos dirección Áspera, Igrexa de Lago (7 quilómetros dende o cruceiro). Debemos seguir esta ruta ata que atopemos unha cruz de madeira na nosa esquerda. Ao lado desta cruz, substituta de outra de pedra máis antiga, hai un camiño de terra que é polo que debemos continuar recto sen tomar ningún dos desvíos que vexamos. Trátase dun camiño chan de sinxelo percorrido. Así que vexamos a estrada nacional á nosa esquerda o camiño comeza a descender ata pasar unha gasolinera, momento no que nos incorporamos á N-634, debemos de dirixirnos cara a dereita, dirección Xove (10 km dende o cruceiro).

O trazado orixinal desviábase un pouco máis adiante cara Rego Sanguento. No ano 1596 o bispo tiña unha propiedade neste lugar “*do dizen el riego Sangoento feligresia de Jove y de la rregueira... testa y demarca de la una parte por rrego da rregueira y por alli ba a dar al rrio da*



▲ Mapa trazado San Cibrao-Xove

◀(Páx. anterior) San Cibrao

◀ Faro de San Cibrao





rregueira y baxa por el rrio asta el porto de Linares y biene por el rrego arriba hasta dar a la puente de la fuente de la aguadela y camino franzes y por alli ba hiendo por el camino hasta el primer rrego". Aínda que sabemos que o Camiño do Mar ía por Rego Sanguento non recomendamos dar unha volta de algo máis de 2.5 quilómetros para chegar a Xove cando temos esta poboación a menos dun quilómetro dende a gasolineira onde saímos á estrada.

Hai que atravesa-lo núcleo urbano de Xove ata que nos atopemos cun desvío, á dereita, que nos leva ata a igrexa parroquial de Xove, que recomendamos visitar, así como o pazo abandonado que hai detrás dela. Un pouco máis arriba podemos ver unha placa que sinala a casa na que naceu don Tomás Mariño Pardo o día 1 de decembro de 1798, unha persoa que rematou por converterse nun dos precursores da aviación española co seu proxecto sobre da navegación aérea.

Seguimos descendendo pola estrada asfaltada ata que nos atopemos cun indicador que sinala *Carballás*, entón debemos de coller á dereita por un camiño de terra que nos vai levar ata o río Maior, unha vez cruzado o río volta a ascender ata que a 700 metros collamos á dereita pasando ao lado dunha explotación gandeira, seguimos subindo ata que nunha terceira intersección tomamos á esquerda, deixando á nosa dereita unha liña de torres de alta



◀ (Páx. anterior) Igrexa de Xove

▲ Pazo da familia Vilalba

◀ Casa abandoada que hai detrás da igrexa de Xove



tensión. É un camiño de terra con bastante bo firme, sempre e cando non chova senón haberá lameiras, seguiremos por este camiño ata chegar a Lodeiro (12.8 dende o cruceiro de Cervo).

Despois de crusa-las casas de Lodeiro seguiremos recto ata que nos atopemos cun cruce e cun sinal que pon *San Cristovo*, *Vilapol*, seguimos por esta estrada ata volver a ver unha intersección con dous sinais: á esquerda *San Cristovo* e a dereita *Vilapol*, camiño que colleremos ata outro cruce no que veremos outro sinal que pon *Vilachá*, *Igrexa*, tomaremos entón á dereita e a 700 metros estaremos en Portocelo (16.3 km dende o cruceiro), no que unha fermosa e recollida cala nos agarda. Pasámo-lo pobo e vemos un indicador á nosa dereita que pon *Portiño de Portocelo*, seguiremos por esa estrada e colleremos o primeiro desvío á esquerda que nos vai levar ata as ruínas de Santo Tirso de Portocelo (18 km).

Determinos en Santo Tirso é parar o tempo e imaxinarse como vivían aqueles primeiros monxes que alí se asentaron da man de Rodrigo, un monxe que no século VIII chega a estas terras procedente de Coimbra, fundando un mosteiro que posteriormente serviu de igrexa parroquial de Portocelo ata o ano 1928.



▲ Mapa trazado Xove-Portocelo

◀ (Páx. anterior) Acantilados de San Tirso




Deste vello mosteiro o camiño comeza a subir debémolo seguir sen desviarnos ata que chegemos a Vilachá (19.6 km dende o cruceiro). Esta poboación debémola cruzar polo medio seguindo o camiño polo que estamos a transitar ata que vexamos outro cruce no que collemos á dereita, dirección *Ceranzos, Praia de Esteiro*. Debe estar atento o peregrino pois na primeira bifurcación que vexa collemos á dereita, de igual maneira faremos na seguinte e baixaremos en dirección a *praia de Muíñelo*. Cando nos atopemos nesta enseada o camiño volve a subir por estrada asfaltada ata Ceranzos (21.3 km dende o cruceiro). Imos pola estrada LU-2610 dirección *praia de Esteiro*. Debemos pasar ao lado deste areal que queda á nosa dereita e seguir recto pola mesma estrada ata atopar un desvío á dereita con dirección Faro-Viveiro.

Seguimos na LU-2610, pasamos o punto quilométrico 5 para comenzar a descender. Nese mesmo intre observamos a igrexa de Faro á nosa dereita. Un quilómetro despois estamos en Reboreda, onde recomendamos visita-las escavacións arqueolóxicas da vila medieval de Area e o seu areal. (23.8 km dende o Cruceiro de Cervo)



▲ Mapa trazado Portocelo-Faro

◀(Páx. anterior) Ruínas da igrexa de San Tirso



QUE VER EN XOVE

Polas terras de Xove

A xeografía deste concello ten marcadas diferenças entre unha costa bastante abrupta e unha zoa interior máis chá. Destacámolo os portos de Morás, noutro tempo cunha importante actividade baleeira, ou o de Portocelo e praias como as de Lago, Esteiro, Portonovo, Muiñelo ou Reboiera, entre outras, xa que este litoral está repleto de pequenas calas, así como de illas tales como a Sarón ou Os Netos. Recomendamos os paseos a carón do río Lago ou Cuilán, para visitar os antigos muíños, hoxe abandonados, e a fervenza do Pozo da Ferida.

Xove é o concello con maior número de castros catalogados que nos amosan o grao de poboación desta terra. No castro do Vilar (Xuances) apareceu no ano 1939 unha interesante fíbula de bronce. Outros castros localízanse en Morás, Portocelo, A Rigueira, Sumoas e Xuances. O nome do concello parece provir de “Villa Iovii” (Vila de Xúpiter), as lendas identifican o monte da Medela co monte Medulio, no que se suicidaron os guerreiros galegos e astures antes de renderse ás lexións romanas (ano 22 antes de Cristo). Probablemente os romanos edificaron un altar na honra de Xúpiter, entorno a el nacería unha vila, o actual Xove.

Arte sacro de Xove

Cada unha das parroquias posúe unha igrexa na que se atesouran pezas artísticas doutros tempos.

A más antiga de tódalas igrexas é a de Portocelo, da que se sabe que xa existía no século XIII. Síguea en antigüidade a de San Isidoro do Monte, datada no XVI, pero moi reformada no ano 1966. A igrexa de Lago e a de Sumoas datan do século XVII, nesta última gárdase a imaxe da Virxe de Guadalupe que estaba orixinariamente na capela de Almizote, á cal acudían os romeiros con doenzas na vista. Outra romaría moi importante e concorrida é a do San Antón da Rigueira, o 13 de xuño, ao que se lle rezaba tanto para conseguir un amor como para a curación dos animais. Na de Xuances podemos apreciar na porta principal o escudo dos duques de Alburquerque, que sufragaron as obras realizadas no ano 1698. Do século XVIII data a actual igrexa de Morás na que destacamos un fermoso retablo barroco.



Igrexa de Xove

◀ (Páx. anterior) Praia de Esteiro



The background of the image shows a beautiful coastal scene. On the left, a large, rocky outcrop rises from the sand, topped with dense green trees. In the middle ground, a small blue boat floats on the calm, turquoise water. To the right, a large, forested hill rises, with a long wooden pier or breakwater extending into the sea from its base.

Area
Ponte do
Porto



Trazado Area ata Ponte do Porto (Riobarba)

(18,10 quilómetros)

Despois de visitar a praia de Area pasamos por diante do Albergue Xuvenil de Area, pertencente á Xunta de Galicia, empezaremos a contar aquí.

Estamos no que anticamente se coñecía como *Augadoce*, vemos varias veces este topónimo ao longo do Camiño do Mar, son zonas onde desemboca un regato polo que a auga do mar nese punto está menos salgada.

Situémonos logo deixando o albergue á nosa dereita e un restaurante á esquerda, seguiremos pola rúa todo de fronte. Comeza a ascender suavemente o camiño, a 300 metros, enfronte duns chalés vemos unha pequena furada tapada completamente polas herbas, o que estamos contemplando é o lugar onde anticamente estaba a *Fonte do Peligrín*. Subimos e a 200 metros hai unha casa á nosa esquerda chamada Pedra Escrita. Este nome tan peculiar para unha casa tómalo do lugar onde foi erixida. Antigamente neste punto existía unha pedra de caliza de preto de dous metros de alto por 80 centímetros de ancho que serviría de división parroquial. Cando levemos percorrido un quilómetro debemos incorporarnos á estrada nacional e tomar cara Viveiro. Cando levemos percorrido pouco menos de 200 metros



▲ Mapa trazado Faro-Santiago de Celeiro

◀ (Páx. anterior) Praia de Area. Viveiro




atopámonos cun desvío á nosa dereita que nos leva ata a igrexa de Celeiro, de recente edificación. Recomendamos coller á dereita e visitar este encantador porto mariñeiro, que a pesar de ser un dos dous portos máis activos na costa lucense, non perdeu o encanto das empinadas e estreitas rúas. Ademais faise necesario visitar a capela de Santa Ana, que formaba parte do antigo hospital de peregrinos.

Certamente cando o peregrino se atopa en Celeiro pode optar por colle-lo paseo marítimo en dirección Viveiro, ao que chegará en escasos dous quilómetros, e despois dirixirse á ponte da Misericordia, ou ben percorrer o camiño histórico, que recomendamos. Para facer isto debemos volver sobre os nosos pasos e dirixirnos á igrexa de Celeiro, subiremos pola rúa empinada deixando a igrexa á nosa dereita ata que nos atopemos cun semáforo. Cruzaremos a estrada nacional polo paso peonil dirixíndonos de fronte por un camiño asfaltado que vai entre unha casa cun pozo e un bar, logo remata este camiño asfaltado (2 km dende Area) e comeza un camiño de terra en “*pim pim*” (Camiño oculto, ben por muros, ben por estar escavado na terra). Seguiremos este camiño estreito rodeado de muros ata unha casa abandonada e dous muíños tamén abandonados, situados ao carón do río de Lavandeiras. Este pequeno regato podémolo cruzar por unha táboa de madeira. Despois de pasar



▲ Mapa trazado Faro-Santiago de Celeiro

◀(Páx. anterior) Porto Celeiro





Santa María, San Francisco de Viveiro

esta improvisada ponte o camiño está completamente enlamado co que aconsellamos ir polo prado, deixando o camiño á nosa esquerda ata que o podamos retomar.

Dende a Pardiñeira, que é onde estamos, segue o camiño cara Terceiras e sigue cara Santo Alvite, no que volvemos a atoparnos co asfalto (3.2 km dende Area). A douscentos metros de incorporarnos á estrada asfaltada podemos contemplar á nosa dereita a Pena dos Bicos, o lugar no que os mozos despedían ás súas namoradas cun apaixoadío bico, antes de que ollos indiscretos os puidesen ver. Nós seguiremos recto ata que 600 metros despois cruzamos unha ponte sobre a vía do tren que nos leva ata o barrio de San Lázaro. O lugar onde antigamente estivo o hospital de lazaraos é hoxe un grupo de vivendas pintadas de cor amarelo. Deixámolas á nosa dereita e chegamos a un cruce onde seguiremos recto, á dereita vemos unha gasolinera, polo lugar do “*río de foles*”, onde no medievo se instalaban os curtidores. Agora estamos a pasar pola parte de arriba da horta do convento de San Francisco, no que tamén se acollían peregrinos. O que hoxe é unha rúa de Viveiro antes era unha calzada cunha ponte que nos permitía salva-lo río de San Francisco (hoxe avenida de Cervantes). Esta ponte estaba decorada e de aí o seu nome Ponte Labrada (hoxe Praza Juan Donapetry), esta ponte permitía ao peregrino cruzar as murallas da vila de Viveiro



Viveiro



pola porta das Angustias (rúa Vilar Ponte) e dirixirse ata a igrexa de Santa María.

Nesta praza aparte da igrexa atopamo-lo convento das concepcionistas e unha representación da Cova de Lourdes, á que se ten grande devoción.

A igrexa de Santa María ten unha porta lateral coñecida como *A porta do Perdón*, graza que se lles concedía aos peregrinos, pois ao cruzar por esta porta quedaban perdoados no caso de morrer na súa marcha cara Santiago (outra porta que ten esta graza é a lateral da igrexa de Meira, construída na mesma época que a de Viveiro).

Dende a praza de Santa María saen dous camiños de peregrinación a Santiago.

Un sae pola porta da Vila, na que vemos unha imaxe do Cristo do Amparo, continúa pola fonte do Cadafalso, antigo convento de Santo Domingo (hoxe Xulgados), capela do Cristo dos Malates, Convento de Xunqueira ata cruzar o río Landrove pola ponte de Landrove e continuar ata Muras e despois de subir pola Gañidoira unirse ao camiño que dende As Pontes de García Rodríguez chegaba a Vilalba e continuar polo trazado do actual *Camiño Norte*.



◀(Páx. anterior) Praza maior de Viveiro

▲ Ponte Landrove



Ponte da Misericordia

O outro que é o que nós seguiremos baixa ata a Praza Maior onde estaba a antiga igrexa de Santiago, derrubada por orde municipal no ano 1840, e continuaremos ata a porta do Castelo, a más moderna das seis portas que tiñan as murañas da vila, comezada a construír en 1548 e rematada no 1554 polo mestre Pedro Poderoso. Ao estar dedicada ao rei Carlos I, V de Alemaña, acabou recibindo ese nome. No ano 1856 a corporación municipal decide derrubala, máis a oposición do pobo conseguiu para-la demolición. A corporación aducía que a porta carecía de valor histórico, máis o 19 de febreiro de 1942 foi declarada Monumento Histórico Artístico.

Chegamos despois de crusa-la porta á Ponte da Misericordia, da que sabemos que existía xa no ano 1225. Remata a ponte da Misericordia na capela do mesmo nome, nese momento collemos pola rúa da dereita en dirección San Xoán de Covas, ainda que é un núcleo urbano non hai problema para camiñar se empregámos las beirarrúas.



▲ Porta de Carlos V, Viveiro
◀ Casa Indiana en Viveiro





Vista de Viveiro






Á nosa dereita queda a praia de Covas e os farallóns, lugar no que naufragaron o bergatín *Palomo* e a fragata *A Magdalena*, ademais dunha serie de barcos auxiliares, no ano 1810. Na area que estamos a ver foron soterrados máis de 500 mariños que morreron nese funesto día. A nosa esquerda queda o Pazo de Grallal construído polo capitán don Juan de Utton Aguiar, fillo de outro Juan de Utton que foi o que trouxo de Inglaterra a Virxe Inglesa que podemos contemplar na catedral de Mondoñedo (*Camiño Norte*) e o Cristo dos Mareantes de Neda (*Camiño Inglés*).

Chegaremos no noso percorrido ata unha rotonda (8.2 km dende Area) que nos indica a dirección de Riobarba, debemos seguir a estrada LU-6603 sen desviarnos en ningún momento. Esta é a peor das etapas pois é unha constante subida de preto de 5 quilómetros ata a igrexa de Riobarba (13.8 dende Area).

Un quilómetro despois atoparémonos cunha bifurcación na que debemos coller pola estrada da esquerda, dirección *Espigueiras, Vilar, Canto do Muro*, na estrada da dereita hai unha cruz, como as que levamos visto dende que saímos de Riobarba, probablemente dun antigo vía crucis.



▲ Mapa trazado Covas-Riobarba

◀ (Páx. anterior) Eucaliptos de Chavín





Seguimos pola estrada da esquerda, logo empezaremos a ver sinais de madeira que indican *Ponte do Porto* e *Ponte Segade*, debemos de seguiras, agora estamos a baixar dunha maneira bastante pronunciada ata que nos atopemos coa capela das Angustias e a Ponte do Porto, que sinala o límite provincial. (18.1 km dende Area).

A ponte do Porto, permite cruza-lo río Sor no seu tramo medio e pon en contacto os concellos de Mañón, na provincia da Coruña, co do Vicedo. Esta ponte é medieval, composta por tres arcos de medio punto e tallamares contra corrente, no medio da ponte hai un marco que sinala a división provincial de Lugo e Coruña, antigamente dividía as provincias de Mondoñedo e Betanzos. Esta ponte aparece na documentación formando parte do Camiño Real que ía dende Viveiro ata Ortigueira, ou o que é o mesmo, o *Camiño do Mar*.



▲ Mapa trazado Riobarba-Ponteporoto

◀ (Páx. anterior) Ponte do Porto



QUE VER

Hospital de Santa Ana. Celeiro de Viveiro

Hoxe só queda a capela de Santa Ana, desapareceu o hospital, o claustro, o cemiterio e tódalas dependencias daquel centro benéfico no que se acollía a transeúntes, pobres, enfermos e peregrinos. O cronista oficial de Viveiro, Xoán Donapetry, opina que foi fundado polos irmáns Xoán e Gregorio Pardo, a fins do século XIV, xa que a principios do XV mantén Gregorio un ruidoso preito pola propiedade co Cabido mindoniense.

Sabemos, por unha visita pastoral de 1613, que nese ano tiña 7 camas de pao, 7 xergóns de palla para durmir no chan aparte de roupa para as camas e outros utensilios necesarios para que o hospitaleiro “reciba amorosamente y con caridad a los peregrinos que vinieren a el amparandoles y recoxiendoles en tiempo de invierno aciendoles lumbre”.

No ano 1746 iníciase outro preito pola posseión das chaves da capela de Santa Ana, o importante é que nese preito dise que a capela serve “para los peregrinos y enfermos que se recojen en el referido hospital, como para el de los vecinos de dicho puerto”. Pasaban bastante frío os enfermos polo que o bispo Losada e Quiroga no ano 1763 manda “se haga en el una chimenea para albergue y servizio de los peregrinos y enfermos que a el acuden.” No ano 1806 o bispo Aguiar e Caamaño visitaba este hospital e falaba dos peregrinos que áinda se acollían nel. Acabarán por desaparecer a mediados do século XIX.



Os mosteiros de Viveiro

A vila de Viveiro chegou a ter catro mosteiros, dous femininos, o da Concepción e o de Valdeflores, que áinda funcionan e dous masculinos, hoxe inexistentes. O de San Francisco, que segundo contan as lendas foi fundado polo propio santo ou ben polo mesmo discípulo que fundara o convento franciscano de Ribadeo entorno aos primeiros anos do século XIII. Actualmente só se conserva a igrexa, de estrutura

▲ Igrexa de Santa María de Viveiro

◀(Páx. anterior) Faro do cabo de Roncadoiro



Mosteiro de San Francisco

oxival e con detalles románicos, planta de cruz latina na que a nave principal foi reconstruída no ano 1657 polo mestre Diego Ibáñez Pacheco, o mesmo arquitecto que levanta o claustro da catedral mindoniense. No ano 1809 as tropas invasoras francesas convérteno en cuartel e cuadras de cabalos, posteriormente queimárono como represalia e no ano 1842 a Xunta Superior de Bens Nacionais acabará por ceder-las instalacións monásticas ao Concello e convertendo a súa igrexa en parroquial.

O outro mosteiro masculino era o de Santo Domingo, fundado a finais do século XIII, estaba pegado á muralla da cidade, entre as portas de Santa Ana e da Vila. No ano 1356 ante unha posible invasión da vila, o concello manda derrubar o convento, que será reconstruído ao ano seguinte no lugar que ocupou ata a súa desaparición física no ano 1851.

A orixe do convento de Valdeflores está envolta nunha fermosa lenda. A principios do século XV, no lugar de Xunqueira (terreo con moitos xuncos), apareceu unha árbore florida en pleno inverno, xunto a esta árbore cavaba un labrego cando oíu voces que o chamaban. Acudiu co seu señor e entre os dous atoparon unha imaxe da Virxe e un Crucifixo. Ambas foron levadas á capela de San Martiño de Rúa Cuberta (hoxe convento da Concepción), pero sempre que a colocaban alí a Virxe desaparecía e atopábana nunha pena no lugar de Xunqueira. Sobre esa pena erixiuse un altar e unha pequena capela á que acudían moitos romeiros, pois a imaxe curaba a enfermos. As esmolas

alí depositadas permitiron a edificación dun pequeno santuario e posteriormente (no ano 1406) o convento de monxas dominicas, sendo a súa primeira priora Sor Clara Pérez.

O Convento da Concepción é o único que existe dentro das murallas. Foi fundado por dona María Alas Pumariño no ano 1601, tal e como se recolle no seu testamento. A primeira comunidade estivo formada por catro monxas clarisas de Oviedo. A fachada principal do convento mide cincuenta metros, a súa igrexa é de estilo renacentista, dunha soa nave con bóveda de canón obra de Francisco de Castañeda.



▲ Mosteiro de Vadeflores
◀ Convento das Concepcionistas

(Páxs. seguintes)
▼ (Páx. 160) [Mosteiro de Vadeflores](#)
▼ (Páx. 161) [Capela e ponte da Misericordia](#)



A ponte e a capela da misericordia

Segundo o cronista oficial, Xoán Donapetry, Viveiro tería ponte dende a época dos romanos de aí que esta vila fose coñecida como “Concello de Ponte Vivario”. Sabemos que no ano 1225 a ponte existía pois Afonso IX concede nese ano un foro “apud pontem de Vivario” (xunto á ponte de Viveiro). Ao longo da Idade Media a ponte serviría tamén como porto de carga e descarga, posuíndo un guindastre para subi-las mercadorías dos barcos alí atracados. Debeu de ser de madeira nun principio e pasaría a ser de pedra na segunda metade do XV, nesa época en varios testamentos recollense mandas para a obra da ponte. No ano 1523 o rei Carlos I concederá 120.000 marabedís para a mesma obra que rematará no ano 1544. A erosión que provocaba o mar obrigou ao concello a levar a cabo varias reformas e arranxos da ponte ao longo dos séculos XVII e XVIII, que complementaron no XIX e XX cun ensanchamento da ponte para permiti-lo paso tanto de peóns como de autos.

Ao fondo da ponte está a capela da Misericordia fundada por don Rodrigo Alonso Alfeirán no ano 1603. O capitán Pedro Posada Alfeirán e a súa dona reedificarán o templo no 1648.

Este santuario, moi venerado pola concepción das Tres Grazas, é de estilo renacentista e na súa fachada principal podemos ve-lo escudo dos Posada, Pallares, Somoza e Alfeirán, fundadores da ermida.





Igrexa de Santa María do Campo

Semella que esta igrexa é o templo máis antigo da vila. Obra realizada nun estilo románico galego, de planta basilical, de tres naves, sendo a central más ancha e alta que as laterais, con fermosa ábsida de tramo rectangular e cabeceira semicircular cuberta con bóveda de canón e cuarto de esfera. No ano 1947 foi restaurada completamente, recuperando os rosetóns tanto da fachada como da cabeceira. No interior hai unha interesante talla de madeira na que aparece representada a Nosa Señora das Angustias coa Magdalena e con San Xoán, que estivera situada na porta das Angustias, ao lado da Ponte Labrada, por onde entra o *Camiño do Mar* na vila de Viveiro. Resulta tamén moi interesante a sancristía, mandada facer polo rexedor viveirense don Pedro Pardo de Cela, no ano 1563. De considerable fermosura son as capelas de San Gregorio erixida en 1468, e a capela do Rosario, da segunda metade do XVIII, na que sobresaen os dous retablos que pertenceron ao convento de Santo Domingo.

Igrexa de Riobarba

Segundo contan as lendas foi unha das tres que mandou construír Fernán Pérez de Andrade a fins do século XIV, outra sería a de Cabanas, tamén no concello de Vicedo. É case seguro que a igrexa de Riobarba esté vinculada á familia dos Andrade pois podemos ver dúas esculturas de xabarís, que era o emblema desta familia. Este mesmo animal estivo no escudo do concello de Riobarba dende 1840 ata o cambio de Concello no ano 1953.

A igrexa é dunha soa nave con teito de madeira a dúas augas, a súa estrutura orixinal sufrirá fortes reformas no século XVIII. Nesta época alóngase a igrexa, de escasa capacidade, derrúbase a fachada e a porta é trasladada ata a sacristía, servindo de pequena capela. A nova porta é lintelada sen adornos, que se atopan na fachada da prolongación onde vemos unha imaxe de San Paulo, debaixo da espadana e os dous xabarís dos Andrade. O escudo desta familia campa no tímpano.

O retablo realizado nun estilo rococó no que destaca o relevo de San Paulo no ático, obra toda de fins do século XVIII.

Outra igrexa con sobranceiro patrimonio histórico é a de Cabanas, tamén do XIV e mandada construír por Fernán Pérez de Andrade, tal e como lembran os xabarís que ten no tellado. Máis antiga é a de San Miguel das Negradas, fundada a fins do XII e principios do XIII, na que podemos ver un retablo procedente do mosteiro que existiu na illa de San Martiño. Debemos destacar a de San Román



◀(Páx. anterior) Santa María de Viveiro

▲ Igrexa de Riobarba





▲ Capela das Angustias
► Vista do Vicedo

do Val, a obra que vemos é do XIV, con amplas reformas no XVIII e XIX. Esta igrexa garda a lenda de que cando Juan Dutton escoltaba ao rei Filipe II a Inglaterra para casar deixou no seu testamento dous ducados para esta igrexa pois cando partiron foi a derradeira igrexa que viu.

Pegada á Ponte do Porto, no Camiño Real a Ortigueira, hai unha capela, a das Angustias, de grande devoción no contorno. A imaxe da Virxe era trasladada ao Vicedo cando o mar estaba moi embravecido para que o calmase e logo voltábase á súa ermida despois de lavarlle os pes no río Sor para asegurarse choiva suficiente e afasta-la seca.

Illa Coelleira e San Martiño

A primeira é unha illa situada en mar aberto, a uns cincocentos metros da punta do Embarcadouro, posúe unha extensión de 26 hectáreas e unha altitude de 82 metros. Recibe o seu nome pola abundancia de coellos, hoxe só podemos ver gaivotas claras, corvos mariños e aros, aparte dalgunha ave migratoria, por se-la illa zona de paso. Os vellos do lugar lembran a calidade do trigo que se cultivaba nesa illa poboada por varias familias de labradores e pola do fareiro.

A illa de San Martiño está situada nun estuario do río Sor, de menor extensión pero de igual beleza. Neste fermoso paraxe, pertencente á parroquia das Negradas, estivo un dos primeiros mosteiros femininos de Galicia, que desaparecerá no século XV, non quedando del resto algúin.

A illa Coelleira tamén tivo un mosteiro vinculado á Orde do Temple. Os templarios, monxes e guerreiros, trasladábanse en barcas de coiro ata Viveiro a dicir misa nunha capela onde despois se levantou o convento de San Francisco. Serán estes mesmos templarios os que leven o cadro de San Estevo á igrexa de San Román do Val. A lenda conta que os 36 monxes guerreiros foron sacrificados nunha noite por varios verdugos, mandados polo señor da zona Bernardo de Quiros. Este, para expiar o seu crime, deixará no seu testamento a seguinte manda: “*E tamén mando que se digan trinta e seis misas polas almas dos templarios que matei e fixen matar por orde do Noso Señor o Rei en San Miguel da Coelleira*”.

O concello do Vicedo

As antigas xurisdicións señoriais acabaron formando, á principios do XIX, os actuais concellos. No ano 1840 aparece o concello de Riobarba, no seu escudo, igual que na súa igrexa había un xabaril, en lembranza da familia dos Andrade, non será ata o ano 1952 en que se traslade a capitalidade á vila do Vicedo, aparecendo por primeira vez o concello con este nome. Actualmente o concello oferta un turismo combinado de praias (Arealonga, Areagrande, Abrela, Xilloi ou Tixoso, entre outras) con rutas de sendeirismo (a carón do río Sor, subida ao mirador de Riobarba ou San Román, illa de San Martiño) e rutas a cabalo ou en bicicleta.





Capela da Virxe de Lourdes. Vilveiro

A Mariña Luguesa: un mundo en festas

Se ben é no verán cando se celebra un maior número de festexos o inverno ten as súas festividades entre as que sobresaen o Antroido e a Semana Santa.

A primeira das festividades ten un carácter totalmente laico, as comparsas e desfiles de carrozas están a coller cada vez máis pulo, destacando o Entroido de Ribadeo, Viveiro, Xove e Foz, con concorridos desfiles cargados de orixinalidade e premios.

A segunda das festas ten un carácter eminentemente relixioso e de recollemento. A Semana Santa ten representación en tódolos concellos polos que pasa o Camiño do Mar, sobresaíndo sobre todo Viveiro, cunhas procesións documentadas dende o século XIII. Na cidade conviven un bo número de confrarías que levan a cabo procesións destacando as do Encontro, nas que podemos ver as imaxes articuladas que representan o momento en que Xesús, no seu camiño cara o monte Calvario, encontra a súa nai a Virxe. Tamén son destacables as procesións do Santo Enterro ou o Desencravo, o Prendemento, as Sete Palabras e a dos Caladiños, entre outras.

Actualmente San Martiño de Mondoñedo está a levar a cabo unha forte campaña para potenciala súa Semana Santa, que, segundo a organización é a más antiga da

Mariña, xa que tería a súa orixe no mesmo momento en que a Sé episcopal estaba neste lugar, no ano 864.

O verán é o grande momento das festividades que podemos dividir en culinarias, patronais e romarías.

As culinarias teñen como fin potenciar os produtos autóctonos da Mariña, así destacamos a do Berberecho (Foz, en febreiro) a do Ourizo (Cervo, febreiro) ou a do Bonito (Burela, 1.ª semana de agosto). O gran produto do verán son as sardiñas non existindo ningún concello nin parroquia na que nas súas festas non exista unha sardiñada popular. Tampouco existe parroquia que non teña as súas festas patronais que se concentran, na súa maior parte, nos meses de Xullo e Agosto.

Dentro do apartado romarías englobanse aquelas festas nas que tes que despazarte ao monte para a súa celebración, nos que pasas un día e unha noite de festexos. Destacan aquí a Xira á Santa Cruz (Ribadeo) a romaría ao Bispo Santo (Foz), subida ao Monte Castelo (Burela) ou o San Roque de Viveiro. Tamén nesta localidade celébrase o Naseiro (4.º domingo de agosto) e que ten unha duración de cinco días, nos que os mozos permanecen acampados neste lugar. Comeza o venres comendo

polvo e remata o mércores da semana seguinte, durante estes días cómese a pracer polo día e bailase e bébese pola noite.

O concello de Cervo ten dúas festividades peculiares como son A Maruxaina e a Queimada popular. Na primeira delas (2.º sábado de agosto) recrease a lenda da serea que vivía nas illas dos Farallóns que tódolos os anos van buscar para ser xulgada, se foi boa bailarán entorno a ela ata o amencer ; en caso de ser condenada será queimada. A segunda (seguinte sábado ao 16 de agosto) ten lugar preto das ribeiras do río Xunco onde se elabora unha grande queimada que se esconxura con todo o ritual necesario entre as lapas da augardente, o resultado, unha bebida celestial, digna de probar.

Camiño do Mar

Xoán Ramón Fernández Pacios

